

VIA JACOBITANA
Camino de Invierno



2020



nº 4

DIRECCIÓN

Aida Menéndez Lorenzo

CONSEJO DE REDACCIÓN

Junta de la Asociación. Presidenta: Aida Menéndez Lorenzo

COLABORACIONES

Begoña González Aguiar, Antonio Castro Voces, María Elena Guntiñas Rodríguez, José Espinosa Sánchez, Francisco Singul, Luis Blanco, Isabel Aguirre de Urcola, Luis Fernando Pérez Méndez, Víctor Vázquez Portomeñe, Olga Novo, Fco. Javier Rodríguez Medela, Jimena Martínez Quintana y Francisco M. Balado Insunza.

FOTOGRAFIA

Memoria Fotográfica: Aida Menéndez. Foto portada de M^a Teresa Hernández Merino (Accesit do concurso fotográfico 2019 da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra).

EDITA



Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

CONTACTO

caminodeinvierno.com

C/ Germán Vázquez, 15 Monforte de Lemos, CP. 27400

DISEÑO Y MAQUETACIÓN

Santé

IMPRESA

Imprenta Fénix

ISSN

2605-0692

ISBN

978-84-09-24131-6

D.L.

LU 107-2020

El contenido de esta publicación está protegido por la Ley. Queda prohibida su reproducción, transformación, copia o comunicación, total o parcial, sin previa autorización escrita de los autores.



- 6 Saúdos.
- 10 Principais características os petróglifos situados nos concellos de Pantón, O Saviñao e Chantada.
Begoña González Aguiar
- 20 El Camino de Invierno por Valdeorras.
Antonio Castro Voces
- 28 Si el suelo que pisáis peregrinos os hablara.
María Elena Guntiñas Rodríguez
- 40 Caminando por Quiroga: Entre olivos gallegos.
José Espinosa Sánchez
- 52 La importancia del vino en la peregrinación medieval a Santiago de Compostela.
Francisco Singul
- 66 Monforte de Lemos, cuna de la tracción vapor en Galicia.
El Museo do Ferrocarril de Galicia (Muferga) preserva la historia del tren gallego.
Luis Blanco
- 70 El Camino de Invierno en el paisaje de la Ribeira Sacra.
Isabel Aguirre de Urcola
- 74 Unha igrexa románica no Camiño de Inverno. A igrexa de San Xoan de Camba (Rodeiro).
Luis Fernando Pérez Méndez
- 84 O valor inmaterial dos Camiños de Santiago.
Victor Vázquez Portomeñe
- 100 Pregón na “20 Feiras do Libro de Galicia” celebrada en Monforte de Lemos (28/8/2019)
Olga Novo
- 104 Folión de carros, orixe e tradición
Fco. Javier Rodríguez Medela
- 112 Ponferrada, municipio Jacobeo.
Jimena Martínez Quintana y Francisco M. Balado Insunza



120 Actuacións e actividades da Asociación dende setembro do 2019 a setembro do 2020

Aida Menéndez Lorenzo

Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

- 124 Modificación dos Estatutos da Asociación por cambio de ámbito territorial, pasando a ámbito autonómico
- 131 1. XVI Xornadas Científicas do Camiño de Inverno: “o Patrimonio inmaterial”
- 132 2. IV Andaina Escolar polo Camiño de Inverno
- 133 3. Presentación: III Anuario Vía Jacobitana. Camino de Inverno
- 134 4. Repintado de frechas no Camiño polos concellos da Ribeira Sacra
- 135 5. Percorridos da Asociación polo Camiño de Inverno
- 136 6. Inclusión da Asociación en: Federación Galega de Asociacións do C.S. (FEGAC), MESA de Asociacións do Camiño de Santiago e no Consello de Parroquias da Ribeira Sacra
- 137 7. Representando a Asociación
- 138 8. Acolida de peregrinos e encontros con Asociacións do Camiño de Santiago
- 139 9. Camiño Francés por León
- 140 10. Conferencias sobre o Camiño de Inverno
- 141 11. Medalla Castelao ás Asociacións do Camiño de Santiago
- 142 12. Dama da Orde do Camiño de Santiago
- 143 13. Próximo albergue público no antigo Palacio Episcopal de Diomondi
- 144 14. Visita ao Xeoparque da Costa Vasca polo GDR Ribeira Sacra-Caurel
- 145 15. O ex xugador da NBA, J.M. Calderón promove o Camiño de Inverno
- 146 16. Asociación e Camiño de Inverno na prensa

SAÚDO

La Ribeira Sacra, valor seguro

Una sinergia, tal como la define la Real Academia Española, sería aquella “acción de dos o más causas cuyo efecto es superior a la suma de los efectos individuales”. Es decir, con uno o varios factores se alcanza un resultado mayor que el que éstos representan por separado.

Esto, creo, es lo que ocurre con los diferentes elementos de desarrollo que se dan la mano en la Ribeira Sacra. Así, en este espacio confluyen valores relacionados con el patrimonio, con el paisaje, con el vino y, también, con la cultura jacobea, en este caso vinculada al Camino de Invierno.

Todo ello favorece el impulso económico y social del territorio y coincide con el planteamiento que hace la Xunta en materia de desarrollo rural. Se trata, pues, de sumar sinergias de diferentes sectores para confluir en el objetivo final de generar economía, empleo y riqueza.

Así lo hacemos, por ejemplo, con nuestra estrategia de dinamización de las comarcas vitivinícolas de Galicia, entre ellas la Ribeira Sacra. Este espacio cuenta con una denominación de origen vitivinícola y aúna una serie de características que lo convierten, al mismo tiempo, en destino turístico de primer orden. Por lo tanto, tenemos vino, atractivo para los visitantes, paisaje y patrimonio, elementos que unidos confieren un indudable valor añadido a todo el conjunto.

Se demuestra, de esta forma, que la unión hace más que la fuerza. La suma de todos estos factores produce un efecto superior, que confirma la excelencia de la Ribeira Sacra como destino turístico, como enclave de referencia desde el punto de vista cultural y patrimonial y también como epicentro vitivinícola del interior de Galicia.

La Ribeira Sacra, como valor añadido, por la concatenación de todos estos recursos. Como valor seguro.

José González Vázquez

Conselleiro do Medio Rural
Xunta de Galicia.

SAÚDO

Por cuarto ano consecutivo da a luz un novo exemplar da publicación “Anuario: Vía Jacobitana”. O GDR Ribeira Sacra Courel comprácese de seguir contribuíndo a continuidade dun proxecto que axuda ao coñecemento do “Camiño de Inverno“ como ruta de peregrinación a Santiago.

Unha publicación, que xunto con outras actividades levadas a cabo pola asociación “Camiño a Santiago pola Ribeira Sacra”, axuda sen ningunha dúbida a por en valor todo o patrimonio material e inmaterial que se estende ao largo do “Camiño de Inverno”.

O noso saúdo quere ser tamén un agradecemento a asociación por axudarnos no traballo de dinamización dunha parte do noso territorio. Un mesmo obxectivo que nos une a ambas entidades.

José Manuel Arias López

Presidente do GDR Ribeira Sacra Courel

SAÚDO

A pesar do complicado ano que nos tocou vivir, debido á pandemia causada polo virus COVID-19, fixemos todos os esforzos para poder lanzar este novo Anuario que fai a edición número IV. Non queríamos romper a continuidade dunha obra xa consolidada, non só entre os nosos socios, senón tamén entre outros lectores asiduos que de ano en ano agardan o novo número. Non obstante, e con gran pesar, moitas outras actividades da nosa Asociación que aparecen publicadas no Cartel Anual, debido ao confinamento e restricións desencadeadas por esa pandemia, non puidemos cumprilas.

Como portada da publicación, escollemos unha das fotografías premiadas no III Concurso Fotográfico do Camiño de Inverno do ano 2019, convocado pola Asociación Camiños a Santiago pola Ribiera Sacra. Trátase da fotografía titulada “Entre Cruces”, galardoada cun accésit, da salmantina María Teresa Hernández Martínez que obtivo cando peregrinou polo Camiño de Inverno. A imaxe capta un lugar máxico e mítico no monte Faro, o chamado “Camiño da Virxe” nun día de néboa espesa, revelando as cruces que o flanquean ata o cume onde se ergue a ermida da Nosa Señora de O Faro.

Os excelentes e variados artigos dos nosos colaboradores, aos que a nosa gratitude polo seu traballo desinteresado nunca será suficiente, ofrécennos novos estudos sobre as potencialidades patrimoniais ou testemuñas que xiran ao redor do Camiño de Inverno.

Mentres, na sección Accións e actividades da Asociación ou que afectan ao Camiño de Inverno, seleccionamos as máis relevantes do ano. Entre elas, destacar a licitación do primeiro albergue público que a Xunta construírá no antigo pazo episcopal anexo á igrexa románica de Diomondi. Pero tamén a modificación dos Estatutos da nosa Asociación, fundamentalmente, porque se amplía o seu ámbito pasando a ser autonómico. Así como a concesión da Medalla Castelao ás Asociacións do Camiño de Santiago, polo traballo desinteresado que realizan en prol do Camiño.

Persoalmente, este ano tróuxonos unha sorpresa co nomeamento de Dama da Orde do Camiño de Santiago, quero agradecer a súa proposta a Alejandro Rubín Carballlo, vicepresidente desta orde internacional presidida por Miguel Pampín.

Por último, agradecer ao grupo de desenvolvemento rural, GDR Ribeira Sacra-Caurel, o seu apoio, por cuarto ano consecutivo, permitindo a esta Asociación levar a cabo este proxecto.

Aida Menéndez Lorenzo

Presidenta da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra



Principais características dos petróglifos situados nos concellos de Pantón, O Saviñao e Chantada

Begoña González Aguiar
Arqueóloga. Doutora en Historia

INTRODUCCIÓN

Neste artigo abordaremos o estudo dos xacementos con gravados rupestres localizados en tres concellos por onde transcorre o Camiño de Inverno a Santiago de Compostela. Dous dos municipios, Pantón e O Saviñao, sitúanse na comarca de Terras de Lemos, e o terceiro, Chantada, na comarca do mesmo nome. Xuntos contan con trinta e catro rochas con gravados, datadas en diferentes cronoloxías que abranguen dende a Prehistoria ata a Idade Media. Entre as dúas comarcas atopamos un accidente natural de gran envergadura: o río Miño, elemento clave e ao mesmo tempo conector, ao carón do cal se asentan os principais exemplos que exporemos neste estudo.

A día de hoxe o concello de Pantón ten rexistradas vinte e seis rochas con gravados; mentres que no Saviñao documentamos só dúas rochas e en Chantada seis, unha delas atopada recentemente. Esta repartición tan desigual débese a varios factores, sendo o principal a falta de estudos na zona. As labores de prospección son cada día

máis complicadas debido ao estado de abandono dos nosos montes; este feito dificulta que os investigadores podan levar a cabo os seus traballos e fai que moitas pedras permanezan ocultas polo sedimento e a vexetación.

Non obstante, agardamos que pouco a pouco mude dita situación e que cada vez sexan máis os estudosos interesados en realizar novos traballos científicos na zona. As labores de campo, principalmente as prospeccións, precisan de moito tempo e man de obra cualificada. O interese de novos investigadores no patrimonio arqueolóxico deste territorio provocará o afloramento de xacementos descoñecidos e de seguro que cubriremos o baleiro que actualmente representan numerosos municipios da provincia de Lugo.

Ao longo deste traballo abordaremos as principais características dos gravados ao ar libre e dos lugares onde se sitúan. Algúns deles presentan particularidades comúns que poden indicar a existencia de patróns espaciais e/ou tipolóxicos nos petróglifos lucenses.

OS LUGARES CON GRAVADOS

Os petróglifos analizados dispóñense en rochas graníticas e xistosas, con preponderancia das primeiras. O certo é que só documentamos nove rochas de xisto, todas elas en Pantón, fronte as vinte e cinco graníticas restantes. As áreas de xisto e granito calcoalcalino distribúense case por igual nos concellos de Pantón e O Saviñao. Polo contrario, Chantada posúe maior presenza granítica, tanto de tipo alcalino como calcoalcalino.

No relativo á localización das rochas, atopamos claras preferencias polos lugares elevados, dende os que se observan grandes panorámicas ou, cando menos, unha ampla visión do entorno. Casos como os Petróglifos de Cima da Costa e Pena da Virxe en Vilar de Ortelle (Pantón), localizados a máis de 600 m.s.n.m., na parte superior da ladeira leste do río Miño, gozan dun gran dominio do territorio. Ademais, ámbalas dúas rochas están conectadas visualmente entre elas, característica que tamén é frecuente en xacementos conformados por varios conxuntos de rochas. Outro exemplo que denota a importancia que se lle conferiría á elección do lugar onde dispor os gravados témolo no monte de San Román, en Acedre (Pantón). O sitio presenta sete rochas con gravados sinxelos dispostas na parte alta do monte. Dende todas as rochas obtemos un amplo dominio do entorno, ao situarse estas no cumio dunha das ladeiras que descende cara o río Cabe, afluente do Sil.

A maioría das manifestacións mostran claras preferencias por localizacións dotadas dunha alta visibilidade, que parece indicar a necesidade

de obter boas panorámicas e dominio visual. En menor medida, pero tamén cunha frecuencia alta, contamos con rochas con gravados altamente perceptibles; é dicir, pedras que polas súas características físicas e espaciais son visibles máis alá do entorno inmediato, sendo posibles percibílas, en ocasións, a máis de cen metros de distancia.

Tamén, trala análise dos lugares, comprobouse a importancia que tiñan os recursos hídricos respecto aos gravados prehistóricos, pois a gran maioría localízanse en áreas próximas a regatos, ríos e, incluso, en zonas que, en época de chuvias, se atopan inundadas. Un claro exemplo deste último caso dáse en Chantada nos Petróglifos de Airoá, en Pesqueiras, onde as rochas do xacemento se dispoñen sobre unha zona que permanece encharcada gran parte do ano; de feito o lugar denomínase As Lamas.

Co paso dos séculos a relevancia do lugar mantense, como mostran os lugares con gravados medievais. Estes dispóñense nun espazo concreto, cunha finalidade que hoxe na gran maioría dos casos estudados coñecemos. Gran parte destas manifestacións son os chamados “petróglifos de termo”, marcos administrativos que delimitaban territorios, como parroquias ou concellos. Este é o caso da Pena da Escrita, en Toldaos (Pantón) ou o Petrógifo do Monte da Serra (no límite entre os concellos de Chantada e Carballedo).

Por outra banda, na Idade Media tamén atopamos outra funcionalidade, anular os gravados antigos considerados pagáns e, polo tanto, non admitidos pola igrexa cristiá. En Pantón atopamos os Petróglifos do Castro de Espasantes,

onde conviven un cruciforme, de clara adscripción histórica, con covañas, todos eles dispostos nunha rocha situada na croa do mencionado castro. E na Pena da Virxe, en Vilar de Ortelle, pías de orixe natural son rodeadas por covañas de clara execución antrópica. De feito, nesta última pena o topónimo asóciase con tarefas de aseo da santa.

De novo en Pantón atopamos o Petróglifo de Augas Santas, sobre o cal erixiron un cruceiro. Na rocha localizamos dúas zonas con gravados, compostas por dezaseis covañas e unha cruz. Pola morfoloxía de todas elas semellan de clara adscripción medieval; é dicir, neste caso non estamos ante un exemplo de anulación de moti-

vos pagáns, senón que as figuras foron realizadas nun mesmo período cronolóxico. Aínda así, observamos claras diferenzas na súa execución: o suco da cruz é moi fino e con perfil en V; mentres que as covañas presentan unha forma e profundidade menos aguzada, aínda que propia de momentos históricos. A súa execución recorda aos gravados de Pena das Mentiras de Vilaxe (Chantada).

A menos dun quilómetro de Augas Santas atópase Pena da Escrita, cuxo tipo de cruciforme coincide co aquí descrito, feito que nos pode levar a pensar que poden ser froito do mesmo momento.



Petróglifo de Augas Santas (Pantón).

AS FERRAMENTAS E AS TÉCNICAS

O tipo de rocha e a súa composición restrinxen a selección da ferramenta a empregar na execución dun gravado. Esta sempre será dunha dureza superior ao soporte onde se plasma o motivo. En época prehistórica serían utilizadas tanto ferramentas líticas procedentes do entorno inmediato como alóctonas, traídas de lugares distantes. A técnica máis repetida é a percusión; mediante un percusor realízanse golpes repetitivos na pedra ata conseguir a forma e profundidade desexada. É probable que, nalgúns casos, se empregara un bosquexo realizado con carbón ou mediante unha lixeira

incisión que guiase o procedemento. Este paso non é unha *conditio sine qua non*, posto que tamén constatamos erros na disposición das figuras na rocha. Este é o caso de Leira Rapada en Vilatán (O Saviñao), onde dúas combinacións circulares de grandes dimensións superpoñen os seus círculos exteriores, semellando ser froito dun mal cálculo por parte do executor; as dimensións de ámbolos dous motivos son maiores respecto ao espazo dispoñible.

Cabe matizar que os gravados non son necesariamente sincrónicos, senón que, nalgúns casos, co paso do tempo a rocha é completada co engadido de novos motivos e, incluso, co reavivado



Petróglifo de Leira Rapada, Vilatán.

dos antigos. Non obstante, a morfoloxía dos sucos de Leira Rapada indica que foron realizados coas mesmas ferramentas e que, con toda seguridade, o erro de cálculo mencionado aconteceu nunha única fase temporal. De feito, se observamos con detalle os círculos practicados, comprobaremos que a súa execución mostra certas asimetrías froito dunha man inexperta ou, cando menos, non altamente cualificada.

A anchura dos sucos indica o grosor dos fíos e das puntas das ferramentas empregadas á hora de percutir. Con todo, cando analizamos as coviñas a técnica de percusión é complementada coa de abrasión. Practícase mediante movementos lonxitudinais ou rotatorios, preferentemente cun canto rodado de cuarcita ou lítico similar. Serve para pulir o suco e dotalo de regularidade, borrando os picados deixados polo percusor.

Xunto coas anteriores, cabe mencionar a técnica de incisión, rexistrada nos gravados medievais. Como se percibe pola forma en V nos sucos dos cruciformes, precisaríase dun cicel metálico de punta afiada. Non obstante, para crear os perfís máis profundos a técnica empregada sería de novo a percusión, directa (só con cicel) ou indirecta (con martelo e cicel).

AS LENDAS

A sabedoría popular valeuse das lendas para dotar de significado ás numerosas manifestacións arqueolóxicas de Galicia; mediante elas o ser humano trata de explicar e dar sentido aos sucesos que lle acontecen ou aos vestixios que o rodean. No tocante aos petróglifos atopamos dous tipos de lenda: relixiosa e fantástica.

As lendas de tipo relixioso están vencelladas aos gravados dende antigo. Estas adoitan relacionarse coa aparición da Virxe sobre rochas que presentan gravados. Ás veces algúns dos buracos son cubetas ou pías de orixe natural, froito da erosión. Outros son coviñas ou elipses antrópicas que, en ocasións, se complementan coas primeiras, como ocorre na Pena da Virxe de Vilar de Ortelle. As súas formas propician a acumulación de auga no seu interior, feito que transcende dende a Prehistoria ata os nosos días; as lendas relixiosas fan fincapé non só na aparición en si mesma, senón tamén dos rituais de aseo e peiteado.

Xunto coas anteriores atopamos as lendas fantásticas que tratan de explicar a existencia de xacementos arqueolóxicos a través de seres fantásticos do noso imaxinario. Destacan as lendas de mouros, personaxes posuidores de grandes riquezas e tesouros. Segundo a tradición, a eles debemos a construción dos castros e a realización de mámoas e petróglifos. Nos primeiros residirían e nos dous restantes agocharían os seus tesouros. Segundo a lenda, as rochas eran gravadas polos mouros tras agochar baixo elas o ouro que posuían; as inscricións con figuras diversas servirían como referencia para non confundir a rocha con outra calquera. Ademais a sabedoría popular sinala que estas poderían ser identificadas cando ao “petar” sobre elas manifestasen un son oco. Aínda que nos concellos que estamos a tratar neste artigo non atopamos o topónimo, si existen casos de Penas de Mouros ou Mouras nas proximidades, como por exemplo a Pena da Moura, en Antas de Ulla (A Ulloa).

TIPOS DE PETRÓGLIFOS

A zona sur da provincia de Lugo, xunto con Ourense, presentan un tipo de motivo prehistórico específico: o abstracto; feito que contrasta coa predominancia do repertorio naturalista nas provincias do litoral atlántico. Dentro desta tipoloxía abstracta podemos diferenciar motivos sinxelos ou complexos, dependendo dos elementos que conforman a figura. Por outra banda, os motivos históricos son de dous tipos, abstractos sinxelos e figurativos.


• Gravados abstractos simples

As figuras máis numerosas son as covañas: semiesferas de 3 a 6 centímetros de diámetro, con algunha excepción de maior tamaño. Estes motivos presentan unha cronoloxía moi

lonxeva que perdura dende a Prehistoria ata a Idade Media. Atopamos esta tipoloxía nos tres concellos estudados.

É curiosa a disposición dalgunhas covañas, perfectamente aliñadas, como ocorre no Petróglifo das Carizas en Espasantes (Pantón); ou a súa colocación tamén ordenada sobre unha protuberancia, como acontece no Petróglifo de Cima da Costa en Vilar de Ortelle (Pantón).

Xunto coas anteriores atopamos as elipses, cuxa forma correspóndese coa coñecida forma xeométrica. Todas as elipses analizadas están acompañadas de covañas e nunca en solitario. Por isto podemos consideralas complemento das primeiras. Hai elipses nos petróglifos do monte San Román (Acedre), A Cancelada e Castro de Espasantes (Espasantes), todos eles en Pantón; e nos petróglifos de Airoá (Pesqueiras) en Chantada.



Calco do petróglifo das Carizas, Espasantes.

O último motivo abstracto sinxelo é o círculo, con tan só unha representación en Cima da Costa (Pantón). A diferenza da coviña, na que se escava o interior da figura, aquí unicamente se traza o perímetro da mesma.

• Gravados abstractos complexos

Dentro deste grupo atópanse as combinacións circulares en tódalas súas variantes. Son o motivo máis característico da nosa comunidade. Están presentes nos tres concellos cun exemplo en cada un: Petróglifo das Lamelas (Chantada), Petróglifo de Leira Rapada (O Saviñao) e Petróglifo de Pesqueiras (Pantón). Trátase de conxuntos formados por liñas e círculos de variada composición. Os máis comúns son combinacións de varios círculos concéntricos con coviña central e un suco ou apéndice, que xorde da coviña ou do círculo máis pequeno.

• Gravados figurativos

Xunto cos gravados prehistóricos de temática abstracta cabe mencionar aos medievais, neste caso os cruciformes. Trátase dun motivo figurativo con forma de cruz latina ou grega. Cabe engadir que noutras zonas do norte e sur da área analizada, Antas de Ulla e Sober, existen representacións cruciformes máis variadas e complexas.

Exemplos de cruciformes atopámoslos só en Pantón, na Pena da Escrita, no Petróglifo de Augas Santas e nos Petróglifos do Castro de Espasantes. O caso máis representativo é o da Pena da Escrita. Trátase dunha rocha de xisto de pequenas dimensións que delimita as parroquias de Moreda e Toldaos. A pena conta con seis cruces,

algunha das cales aproveita un suco que rodea toda a rocha como brazo horizontal.

ACHEGA AOS PETRÓGLIFOS DA ZONA

- Petróglifo de Pesqueiras (Ferreira de Pantón-Pantón)

A rocha atópase descontextualizada do seu lugar orixinal. Foi atopada nun muro no lugar de Pesqueiras, na freguesía de Atán. Porén, foi trasladada ata a capital do concello, onde é custodiada a día de hoxe nas dependencias municipais.



Petróglifo de Pesqueiras, Ferreira de Pantón.

Os continuos traslados que sufriu provocaron a sección do petróglifo orixinal. Na actualidade o fragmento conservado presenta 0,52 por 0,56 metros. A peza posúe unha combinación circular e un medio círculo, pertencente a un motivo seccionado, posiblemente outra combinación circular.

- Petróglifo de Leira Rapada (Vilatán-O Saviñao)

Os gravados de Leira Rapada dispóñense sobre unha rocha granítica de 3,10 metros no eixo N-S e 3,36 metros no eixo L-O, que se asenta sobre outras dúas pedras. As figuras son todas de tipo abstracto complexo, en concreto, catro combinacións de círculos concéntricos dotados de covañas e suco. As súas dimensións varían dependendo do número de círculos que posúen. As medidas oscilan de 114 a 84 centímetros e o número de circunferencias de catro a seis.

Os conxuntos de maior envergadura atópanse superpostos. Como sinalamos nas liñas anteriores, os círculos exteriores de ámbalas dúas figuras solápanse.

- Petróglifo das Lamelas (Santo Tomé de Merlán-Chantada)

Atópanse nunha rocha granítica de 1,80 metros no eixo N-S e 6,70 no eixo L-O. Os motivos distribúense por toda a superficie, son un total de trinta e seis figuras, algunhas moi erosionadas e outras en bo estado de conservación.

Concretamente contabilizamos trinta e dúas covañas, dúas elipses e dúas combinacións circulares. A primeira organízase en torno a unha covaña central da que emerxen dous sucos (apéndices) que rematan nunha covaña cada un. Ao redor do punto central distribúense cinco semicírculos con radio de circunferencia de diferente lonxitude. Estas, á súa vez, son atravesadas por varios sucos moi erosionados. A última combinación presenta unha covaña central, da que xorde un apéndice e seis círculos concéntricos que a flanquean. Algún dos círculos presenta covaña ou marcas de picados que delatan o tipo de factura. É posible que existan máis motivos ocultos polo sedimento.



Petróglifo das Lamelas, Merlán.

A CONSERVACIÓN DOS PETRÓGLIFOS

A localización dos gravados ao ar libre, sempre expostos ao medio natural, fai que a súa conservación non sexa doada. Por unha banda, temos alteracións naturais que provocan o desgaste dos sucos que compoñen as figuras; os axentes principais son a chuvia, a temperatura, o vento, a humidade ambiental, a luz, os gases e as interrelacións entre estes. Nalgúns casos o deterioro é tan grave que é difícil visualizar o motivo.

En ocasións, a superficie das rochas perde grosor e a profundidade da inscultura é menor á do momento no que foi realizada. Noutras aumenta a fondura do motivo, posto que a auga erosiona e afonda lixeiramente a talla. Con todo, é máis frecuente a primeira alteración que a segunda, aínda que ámbalas dúas demostran que o gravado sofre danos debidos á súa exposición ás inclemencias climáticas durante milleiros de anos.

A auga e o vento provocan o deterioro paulatino e lento do gravado e, ao mesmo tempo, a colonización mediante líquenes que cobren a superficie da rocha. Hai casos nos que os motivos



Petróglifo de San Román, Acedre.

quedan completamente ocultos baixo un manto orgánico. Esta cuberta vexetal non debería ser retirada, pois ao facelo podemos eliminar parte da pátina da rocha, alterando gravemente o motivo. Case a totalidade das superficies analizadas presentan este microorganismo.

Tamén contamos cos axentes antrópicos (humanos), sendo estes máis perigosos que os primeiros, pois é un feito que son os causantes dos maiores estragos. Compre falar en primeiro lugar das extraccións realizadas por canteiros en moitas pedras con gravados. Existen rochas incompletas que se aprecian marcas das cuñas que colocaban os operarios. Un claro exemplo é o Petróglifo de Pesqueiras, case destruído por completo.

Outro caso a destacar é como a apertura de pistas forestais danou aos Petróglifos do Monte de San Román, movendo e rompendo algunhas rochas do conxunto. Ademais, a escasos metros destas manifestacións atopamos unha mámoa seccionada pola mesma vía. Compre mencionar que fai unha década que se descubriu o xacemento de San Román e que, dende ese tempo ata a actualidade, as rochas próximas á pista foron desprazadas e alteradas por maquinaria pesada en varias ocasións.

CONCLUSIÓNS

As características dos gravados prehistóricos están vencelladas a simboloxías e funcións que hoxe descoñecemos. Sen embargo, polo que podemos apreciar, deducimos que os seus creadores concedían gran importancia ao control do territorio e á presenza de auga. Ambas, quizais asociadas a lugares de bo pasto para os animais domésticos ou salvaxes, e/ou a espazos simbólicos onde se practicaban determinados rituais. Cando certas peculiaridades se repiten nun número determinado de casos mostran un patrón, que indica que a disposición non foi elixida ao azar, senón seleccionada por motivos concretos que hoxe descoñecemos.

Comprobamos que os tres concellos posúen un número crecente de achados con gravados rupes- tres; non obstante aínda queda moito por facer no tocante á súa preservación. Neste sentido, para realizar unha correcta conservación dos xacementos tamén son necesarias medidas preventivas, así como novos estudos científicos que axuden a frear o seu deterioro. É preciso dar a coñecer e poñer en valor aos xacementos, pois se quen reside nas súas proximidades non ten coñecemento deles, non poderá valoralos nin respectalos.

BIBLIOGRAFÍA

COSTAS GOBERNA, F.J. e HIDALGO CUÑARRO, J.M. (Coord.) 1996: Los motivos geométricos en los grabados rupestres prehistóricos del continente europeo, Asociación de Arqueología Viguesa, Vigo.

-1997: Los motivos de fauna y armas en los grabados prehistóricos del continente europeo, Asociación de Arqueología Viguesa, Vigo.

-1998: Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia, Asociación de Arqueología Viguesa, Vigo.

FÁBREGAS VALCARCE, R.; ALONSO FERNÁNDEZ, S.; LAZUÉN FERNÁNDEZ, T.; LOMBERA HERMIDA, A.; PÉREZ ALBERTI, A.; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X. P.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; TARRADILLOS BERNAL, M.; SERNA GONZÁLEZ, M. R. y VAQUERO RODRÍGUEZ, M. 2008 a: “Aportacións ó estudo da prehistoria da cunca media do Miño. Os asentamentos en cova e ó aire libre”, Gallaecia 27, pp. 63-88.

FÁBREGAS VALCARCE, R., LOMBERA HERMIDA, A. y RODRÍGUEZ RELLÁN, C. 2017: “Ocupación humana e simbólica da paisaxe na Prehistoria galaica: Algunhas reflexións”, Paisaxe e patrimonio. Un percorrido polo territorio a través do arquivo de Galicia, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pp. 159-173.

FÁBREGAS VALCARCE, R. y RODRÍGUEZ RELLÁN, C. 2012: “A media luz. Grabados de la Prehistoria Reciente en abrigos galaicos, Trabajos de Prehistoria 69, pp. 80-102.

GONZÁLEZ AGUIAR B. 2011: “Grabados rupestres en el sur de la provincia de Lugo, Espacio, Tiempo y Forma. Serie I: Prehistoria y Arqueología 4, pp. 123-140.

PEÑA SANTOS, A. de la y REY GARCÍA, J.M. 1993: “El espacio de la representación. El arte rupestre galaico desde una perspectiva territorial”, Revista de Estudios Provinciais 10, pp. 11-50.

- 2001: Petroglifos de Galicia, Vía Láctea, A Coruña.

PÉREZ ALBERTI, A. 1986: A xeografía, Editorial Galaxia, Vigo.

1993a: “Xeomorfoloxía”, Xeografía de Galicia 3, Gran Enciclopedia Galega Edicións, Santiago de Compostela, pp. 37-46.

El Camino de Invierno por Valdeorras

Antonio Castro Voces


Ldo. en Xeografía e Historia | Membro de Mérito do IEV.

El Camino de Invierno, a través de 13 etapas, nos lleva hasta la tumba misma del Apóstol Santiago: tres etapas desde Pons-ferrata, Borrenes, Puente Dgo. Florez-Quereño hasta O Castro de Iorres; y dos etapas más, que siguiendo por los terrenos escarpados de la Sierra de la Encina de la Lastra, sale desde Cacabelos, Carracedo, Toral de los Vados hasta Aguiar para cruzar por los Penedos de Oulego y seguir por Rubiá hasta O Castro de Iorres donde se unen ambos caminos para seguir con rumbo común hasta tierras compostelanas.

El peregrino que decida seguir por el valle del Sil, habrá escogido el más corto itinerario y el de mejor acceso. Su trazado evita las penosas cumbres de O Cebreiro, sobre todo en invierno. Caminará por el parque arqueológico de As Medulas, donde se encuentra la mayor explotación aurífera a cielo abierto de todo el imperio romano: las pequeñas colinas de tierra rojiza mezclada con el verdor de la vegetación interior -castaños, matorral-, cuevas y grutas excavadas en la montaña.. con increíbles juegos de luz, formados tras el corrimiento de tierras



O Barco y río Sil




Las Médulas

que hicieron los romanos para extraer el oro; parajes como la senda de las Valiñas, el mirador de Orellán, de las Pedrices, Chao de Maseiros, Frisga..., nos permite disfrutar de un paseo agradable entre bosques centenarios que se mezclan con picachos y galerías - la Cuevona, la Encantada-, restos visibles del sistema empleado para la extracción del oro: el ruina montium. Los canales, los lagos, las leyendas, dan al lugar una magia especial que lo hace único.

Alcanzará en dos jornadas la Sierra da Enciña da Lastra, con clima oceánico-mediterráneo, ... un paisaje vestido de alcornoques, encinos, olivos, almendros y castaños... así como gran cantidad de palas, simas, grutas, cuevas que por su composición calcárea albergan estalagmitas y estalactitas, junto a una de las mayores colonias de murciélagos de España. Nadie queda indiferente ante los majestuosos Penedos de Oulego, los famosos cañones del Sil donde el río viaja encajonado entre montañas cercanas de más de cien metros de desnivel, las formas del Val de Inferno, los cortados de Pena Falcueira, el tremendo encino de Covas...

Delgado Gurriarán define esta comarca con estos versos:

“Do meu vale, de combas e relanzos,
espellados de louxas e de xeixos
rañado de amieiros e caborcos,
garnido de mimosas e milleiras,
barroco de cepeiras e castiros,
recendente de ourego e cabrinfollo
tinguido de cireixas e de amoras
polos cachois roscido e as pincheiras
arrolado dos carros, que se afastan
antre a poeira da silvosa corga (...)
Do meu val de malvises e de gaios,
de cireixois, loureiros e carpazos,
de cantariñas, de hérbedos e toxos,
de nonmesquezas e de semprenoivas,
do meigo reiseñor, da mostaceira,
do pinchafior, do chincló e da papuxa,
do recoteixo, do lobo e da cegoña....”



Canóns do Sil.

Disfrutará de uno de los lugares más singulares de la Gallaecia romana y uno de los mayores tesoros que se esconde entre los ríos Miño y Sil, donde las corrientes, los viñedos en terrazas, las iglesias románicas, los pazos nobles, las casas rurales, aparecen por doquier: estamos en A Ribeira Sacra con sus miradores: vistas espectaculares, aire puro, tranquilidad y sosiego.

Estos parajes invitan a disfrutar del buen yanar, comer bien y a satisfacción... y es que el Camino de Invierno es amplio y ameno... destaca por su variedad gastronómica donde los protagonistas serán: la carne de cerdo, en reconocimiento a lo que la matanza supone y significa en la economía rural; la carne de vacuno, por

lo abundante de su cabaña; la caza; y la pesca, junto con los dulces.

Aprovechando la abundancia de castaños y la producción de castañas, las carnes de cerdo – sobre todo- tienen un sabor especial: el botillo -butiro, -en Torres “botelo”, “pigureiro”, “androlla”-, los chorizos, lacón con grelos, cocido completo: garbanzos, cachucha, pata, oreja; la carne de caza –mayor y menor (jabalí, corzo, venado)- con pimientos asados; cabrito o cordero asado al horno con ensalada de lechuga; pollo de corral estofado; chanfaina de mollejas, hígado o criadillas; chuletas de ternera a la plancha o asadas a la brasa; carne de castrón cocida y aderezada al ajo arriero; al desayuno: sopas de ajo, “papas” con harina y agua, un pedazo de pan de centeno con un trozo de tocino cocido o una loncha de panceta asada al “espeto”; leche de cabra con castañas...

No le faltará el pescado de río: las truchas y las anguilas de los arroyos de montaña fritas con pimientos verdes; escabeche de peces, truchas, anguilas o las empanadas de bacalao, zamburriñas, bonito o calamares, para que el viajero no se olvide del mar.



Valdeorras en outono.

Saboreará con placer frutas de temporada: manzana reineta, pera conferencia, cerezas y castañas; peras cocidas en vino tinto; castañas asadas –magosto-, cocidas, en almíbar; ingrediente principal: la miel, bizcochos, roscas de harina y huevos, mezcladas con nueces o pasas; leche frita, torta de *raxois*, tostas de pan duro rebozadas en huevo, *afilloas* de sangre de cerdo endulzadas con miel.

Pero es que el camino de Invierno no sólo discurre por tierra de aguas sino que también abunda el buen mosto... gentes de buen beber. Los vinos de calidad, son el complemento ideal para una buena comida. Saber maridar adecuadamente vino y comida; comida y vinos... en ello radica en buena parte, el éxito o no de una comida entrañable o una velada inolvidable. Pasa por tres

Denominaciones de Origen. Cada una aporta, su grano de arena para poder presentar al visitante una “carta de vinos” de difícil igualación.

Valle rodeado de montañas, Bergidum es muy fértil, una zona de transición entre Castilla y Galicia. En blancos, el vino emblema, son unos caldos de influencia atlántica, de color amarillo pajizo con matiz verde y aroma de fruta madura, armonioso, de cuerpo largo y ligeramente blando.

Iorres, por su bonanza climatológica... oceánico-mediterránea-, por sus terrenos pizarrosos y sus buenas condiciones edafológicas, es tierra de viñas. Los suelos de pizarra son permeables y favorecen el drenaje del agua; son esponjosos y absorben con facilidad el calor solar facilitando una mejor maduración del fruto; facilitan el



Santuario de As Ermitas

desarrollo de la vid y determinan la obtención de unos vinos de gran calidad; los denominados vinos de “terroir”, influenciados por esa perfecta simbiosis entre el clima, el terreno pizarroso y las variedades autóctonas.

La gran baza de la Ribeira Sacra son los tintos... vinos de color púrpura, elegante aroma, ligeramente afrutado y excelente equilibrio entre alcohol y acidez. Sus productores han sabido sacar rendimiento a unas condiciones orográficas tan caprichosas (viticultura heroica). Para salvar estas pronunciadas pendientes... en algunos casos hasta el 100%... han recurrido a la plantación en terrazas y bancales. Son tintos con un perfil fresco, fragante y vivaz. Esta es una tierra de una gran belleza natural donde se mezclan bosques frondosos con pueblos pequeños cargados de mitos y leyendas. La Ribeira

Sacra produce un mosto tan original como su paisaje lleno de secretos. Fueron introducidos por los romanos y desarrollados durante el Medioevo por los grandes monasterios.

El viajero se dará cuenta de inmediato de que este itinerario está adornado de iglesias, ermitas, capillas, puentes, fuentes... que jalonan sus orillas contribuyendo a mantener despierta y ocupada la preparación física y sentimiento espiritual.

Caminar, pasear, disfrutar... *caminante no hay camino, se hace camino al andar...* Andar por las comarcas de Bergidum, Iorres, Rovoyra Sacrata, Deza... es disfrutar del paisaje, de su historia, de su legado artístico, etnográfico. Lugares emblemáticos como la iglesia de Santiago, en Villafranca del Bierzo, con la “Puerta del Perdón”; o de la iglesia mozárabe de Santiago de Peñalba, en el



Pazo do Castro

valle del Silencio, con su magnífica portada formada por dos arcos de herradura soportados por columnas de mármol. En Iorres, restos prehistóricos, de la edad del Bronce, restos megalíticos: los dólmenes de Lombo das Arcas, en Carballeda; las mámoas, en Roblido y los montes de Ce-reixido; los petroglifos en A Rúa Vella, Entoma y Valdegodos; los castros: Mones, A Coroa, Cast-rillón.; en época romana: el puente de A Ciga-rrosa, el togado de Freixido, los mosaicos de A Cigarrosa; del Medioevo permanecen los castillos de O Castro, O Bolo, la muralla de Manzaneda, la iglesia románica de A Proba, de Xagoaza y un sinfín de monumentos.

En a Ribeira Sacra, resultan inolvidables las múltiples iglesias románicas, Sta. María de Tor-beo; San Paio de Diomondi; Santo Estevo de Ribas del Sil; Santa María de Pesqueiras; San Pe-

dro de Rocas; Santa Cristina de Ribas de Sil... construcciones emblemáticas, edificios signifi-cativos junto con otros, representativos de la arqui-tectura popular, casas rurales, muros de piedra, tejados de pizarra, balcones de madera..... cos-tumbres heredadas, formas de vida transmitidas de padres a hijos, personalidad definida que im-prime carácter, valles y montañas, ríos encajona-dos, viñas en terrazas...

Vicente Risco dijo en cierta ocasión:”tí dís: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Gali-cia é un mundo” bien se podrían aplicar a la comarca de Valdeorras, pues, en sus apenas 972’1 kms. de extensión; en sus 158 núcleos de población; en sus 111 parroquias; en sus 9 municipios; entre sus 27.000 habitantes de población; es tanta la diversidad y contrastes, propiciados por las peculiaridades climáticas,



Ponte de Sobradelo.

geográficas y orográficas y son tantos los datos encontrados, y tan contrapuestos, que bien valdrían para definir a todo un país.

Diversidad y contraste como que hay pueblos -Vilamartin, Valencia do Sil, Petín, etc. situados a 298 ms. sobre el nivel del mar mientras, a no mucha distancia, está el pueblo de Lardeira situado a 1.262 ms. de altitud, lo que lo convierte en el pueblo más alto de Galicia.

Diversidad y contrastes climatológicos como los que nos ofrece todo el valle próximo al embalse de San Martiño en A Rua donde, en verano, los calores alcanzan temperaturas de 35 y 40° C mientras en los Montes de Trevinca, en época invernal, “O Lago da Serpe”, permanece completamente helado, con temperaturas muy bajas.

Diversidad y contraste en los índices de población pues mientras los núcleos de O Barco y A Rua alcanzan los 130 hab./km² en los pueblos de los Municipios de A Veiga y O Bolo no se llega a los 10 hab./km², con numerosos pueblos prácticamente despoblados y en vías de desaparición.

Diversidad y contraste en las reservas botánicas que difieren hasta el punto de no tener nada que



Bosque de Teixadal

ver la variada y rica flora localizable en las zonas ribereñas del Sil, con la escasa pero muy interesante reserva vegetal que se puede observar en las altas cumbres de Os Picos de Oulego, Pena Trevinca y Serra do Eixe.

Diversidad y contraste en la riqueza paisajística que podemos observar en las escarpadas tierras de Fonte da Cova, Alto da Moneda ó Pena Survia que en nada se parecen a la exhuberancia y frondosidad de O Teixadal ó Foio Castaño, cuando apenas les separan 1.000 ms. de distancia.

Y en esta diversidad y contrastes, la naturaleza y el paso del tiempo han creado lugares y paisajes tan bellos y atractivos, como: las altas cumbres de Montouto (1.524 ms.), Oulego (1.001 ms.), Campanario (1.455 ms.), Pena Trevinca (2127 ms.); bosques únicos como O Teixadal, Foio Castaño, Enciña da Lastra; valles profundos como el del Sil, Casaio, Xares y Bibeí; lagos naturales como A Serpe y O Celso; lagunas artificiales como San Martiño y Prada; zonas karsticas de Biobra, Covas y Villardesilva; terrazas auríferas en Quereño, Corgomo, Valdegodos, etc.; evocadores banales en As Ermitas y Sta. Cruz, etc., etc.

Sí Valdeorras tuviese mar sería, probablemente, una de las comarcas, geográficamente hablando, más completas de cuantas hay en nuestro país. Comarca que el poeta valdeorrés, Delgado Gurrarian, definía así:

“Terra de curvas tan doces
 coma os peitos dunha nena
 e de recendente aroma
 coma o alento dunha deusa.
 Verde mantelo de vides,

cobre o teu corpo de femia
lanzal e morada cofia
amostras no nobre testa.
Tecéronche os castañeiros
un refaixo de candeas,
que loces entre a ledicia
das festas da primaveira (..)
Miña fada garimosa,
miña noiva feiticeira:
¡Quén, no teu tépedo colo,
pra sempre acougar poidera!.
¡Quén poidera, cos teus brazos,
cingirse en eterna aperta!".

pero como ello no fue posible tenemos el Sil de quien, remedando a Herodoto, podemos decir que “Valdeorras es un don del Sil como Egipto lo es del Nilo”. Con señorío indestronable, el río



Pazo de Fontei.

preside los destinos de la comarca, como unidad de producción y como unidad de población.

En fin, volviendo a parafrasear lo que dijo Vicente Risco referente a Galicia “Pode ela ser pequena en extensión, en fondura, en entidade, é tan grande como queiras, e dende logo, moito meirande de como tí a ves”.



El palacio de Arnau.

Si el suelo que pisáis peregrinos os hablara

María Elena Guntiñas Rodríguez
Catedrática de Ciencias de E. S./ Dra. por la USC

Peregrinos que camináis a Santiago a través de la *Ribeira Sacra* y pisáis las Tierras de Lemos y en el horizonte divisáis la acrópolis de su capital, Monforte de Lemos. Sobre ella la Torre del Homenaje, el antiguo monasterio benedictino de San Vicente del Pino y el que fue Palacio de los Condes de Lemos. El conjunto os llama y dirigís vuestros pasos hacia la cumbre. Ascendéis por las laderas de pendiente fuerte, entráis en la zona fortificada por la Puerta Nueva y al llegar a la explanada de su cima contempláis, de cerca, el conjunto monumental y girándoos, descubrís

que se abre ante vosotros una gran llanura, y a lo lejos un sinfín de montes y montañas que la delimitan. Tal vez, peregrinos, surja en vosotros la necesidad de saber el por qué de este paisaje, una extensa planicie y rodeándola un cinturón de montañas de diferentes alturas. Si ello es así y si el paisaje que contempláis, si el suelo de esta formación rocosa que pisáis hablaran, os dirían que estáis sobre un terreno muy antiguo, que ha viajado mucho y que ha sufrido complejas transformaciones a lo largo del tiempo. Os contarían una larga pero interesante historia.



Vista de la depresión desde el castillo de Monforte. Autor: Venancio Guntiñas R.

Muy, muy antiguo. Ya que, según los estudios geológicos, los materiales que constituyen las rocas de la Tierra de Lemos, tienen más de 470 millones de años. Estos materiales (arenas, gravas, cantos...) proceden de la erosión de un antiguo continente próximo al polo Sur, el Gondwana, y de islas situadas en la zona Norte del mismo. Todos ellos, durante millones de años, sedimentaron en los bordes o zonas litorales del continente y de las islas, formando, entre otras estructuras, sus playas. En esa época las fuerzas internas de nuestro planeta determinaron que Gondwana e islas se desplazaran lentamente, durante más de 100 millones de años, hacia el Hemisferio Norte en el que había otro continente, Laurentia. Inevitablemente chocaron y los materiales sedimentados fueron sometidos, en el transcurso de otros 100 millones de años, a altas presiones y temperaturas, por lo que se comprimieron, se fundieron, se plegaron, se fracturaron, esto es, se transformaron en las rocas madre de los suelos que pisáis, se levantaron y formaron una gran cordillera, la Varisca, con cotas superiores a los 10.000m de altura, y zonas de depresión o fosas entre sus montañas, es decir, valles. Esta impresionante cordillera, aún más que la del Himalaya, se extendía desde el Sur de Alemania hasta el Este de Norteamérica, selló la unión de ambos continentes dando lugar a un gran continente, el último Pangea, y originó cambios climáticos importantes. Pangea tuvo épocas con clima tropical, otras secas y áridas, desértico, o continental extremo, mucho calor en verano y mucho frío en invierno, e incluso glaciario. Según las condiciones ambientales podrían crecer helechos gigantes, palmeras y árboles similares a los pinos; desarrollarse anfibios como las ranas, reptiles

como los cocodrilos y dinosaurios, y una gran diversidad de insectos.

Sin embargo el paisaje del Valle de Lemos os muestra montes y montañas (Marroxo, Costa Grande, San Vicente, Moncai, Valverde, Piñeira, *Auga Levada*, Cotarro, Tor..., Cabeza de Meda, Courel, Ancares, Cabeza de Manzaneda...) que no sobrepasan, las más próximas, los 800m, y las más lejanas hacia el Este, los 2000m de altura.

Y... ¿Dónde está Varisca? El suelo os respondería: “estáis pisando sus raíces” porque:

Bien es verdad que con percepciones distintas frente a él.

Sentir esta realidad creo que lo expresa de una manera muy poética Ortega y Gasset cuando escribe: **“solo cuando nos hayamos dado perfecta cuenta de que el paisaje visible está ocultando otros paisajes invisibles, nos sentiremos dentro del bosque”**.



Construyendo el paisaje.



Muros.

Pero además de habitar el paisaje, lo construimos. Solamente algunos paisajes singulares están todavía intocados, el resto, tanto los paisajes urbanos como los rurales, han sido generados por las necesidades humanas de producir o de habitar. Existen sin embargo otras modificaciones en el territorio que han buscado directamente



Aldea de la Ribeira Sacra.

transformarlo creando nuevos paisajes, aquellas intervenciones en las que la intención estética es prioritaria, bien es verdad que esto se produce fundamentalmente en los espacios urbanos, con la construcción de jardines y parques.

Quien recorra el Camino de Invierno va a verse acompañado por un paisaje rico y variado cuando atraviese la Ribeira Sacra, un pasaje construido durante siglos por todas las gentes que lo habitaron.

En la Ribeira Sacra será fundamentalmente la agricultura, especialmente el cultivo del vino con su racionalidad vinculada a los ciclo estacionales y vegetativos, la que en la búsqueda de la riqueza y el bienestar de sus gentes, quien haya generado una serie de paisajes que dan identidad a este territorio. No será la economía del esfuerzo la que mueva el cultivo del vino, será el esfuerzo constante y sabio, el conocimiento del suelo y sus posibilidades, y sobre todo el orgullo de conseguir lo impensable: cultivar en laderas de pendiente vertiginosa y sobre un suelo de roca. Estos paisajes de la “viticultura heroica” serán los que acompañen fundamentalmente al Camino de Invierno.



Viñedos.


Me gustaría hacer una reflexión sobre la actitud creadora que supuso en su día la implantación de estos cultivos.

Si hacemos un esfuerzo de imaginación podríamos ver la diferencia entre lo que hoy caracteriza los viñedos de las laderas de los ríos Miño y Sil, construidas con terrazas que aquí denominamos “socalcos”, y lo que fue este paisaje anteriormente. Estas laderas estuvieron en su día cubiertas de bosque que fue erradicado para la construcción de los socalcos. Podemos imaginarnos el momento en que esto se produjo que debió de ser realmente duro al ver lo que ocurría con el paisaje, que había sido característico hasta ese momento, frente al paisaje emergente: las terrazas nuevas, la tierra desnuda, las vides



Viñedos.

recién plantadas. Pero fue el tiempo y el cuidado laborioso los que transformaron ese cambio radical, venido de un interés productivo, en un nuevo valor añadido: el paisaje de los socalcos de la Ribeira Sacra, con la piedra que con el tiempo se oscurece, se confunde con la roca original y las vides que crecen, cogen fuerza y presencia con el esfuerzo laborioso del viticultor, regalándonos un nuevo paisaje excepcional.



Río Sil.

Imaginemos el impacto que supuso esa transformación, que posiblemente con los criterios conservadores actuales respecto al paisaje hoy no podría haberse realizado, y sin embargo ese duro y rompedor cambio que se produjo en la Ribeira Sacra, supuso un cambio económico y social que perduró durante siglos. Ese paisaje que significa a día de hoy una nueva posibilidad para la sociedad que vive en este territorio.

Pero en la Ribeira Sacra hay muchos otros paisajes, más ocultos, menos espectaculares y muy variados, cada cual más hermoso que acompañan y enriquecen el recorrido del Camino de Invierno.



Peregrinos.

Las laderas boscosas de robles y castaños de los cañones del Sil y el Miño que crecen entre las preciosas caídas del agua y que en el otoño se vuelven oro y púrpura.

O Cabo do Mundo, con ese nombre sonoro y misterioso abrazado por el Miño. Las pequeñas bodegas en los viñedos del Miño salpicadas entre las grandes rocas con las que se confunden. Los monasterios a cual más hermoso como lo es San Estevo de Ribas de Miño, presidiendo el curso del río como un solemne faro de maravillosa arquitectura entre los viñedos, o las pequeñas iglesias como marcas referentes para el cami-

nante. Y también las muras de los *rueiros* jugosas de musgos y pequeñas plantas, y los tramos del Camino cubiertos de una bóveda verde y frondosa, los sotos de castaños centenarios con sus troncos desmochados y escultóricos. Y muchos más paisajes, innumerables y hermosos.

Ha de ser una nueva mirada la que entienda como primer valor de este territorio la calidad de su paisaje, merecedor de los cuidados máximos y como fuente en sí misma de nuevas posibilidades económicas y de bienestar social, cuidados que potencien este territorio privilegiado que es la Ribeira Sacra.



Cabo do Mundo.

Unha igrexa románica no Camiño de Inverno. A igrexa de San Xoan de Camba (Rodeiro)¹

Luis Fernando Pérez Méndez

Profesor de Ensino Secundario . Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación

A igrexa de San Xoan de Camba estivo desde sempre unida á Historia de Casa – Fortaleza de Camba. A súa construción data de principios do século XIII segundo Yzquierdo Perrín, figurando, nun principio, como capela da Fortaleza de Seoane de Camba para posteriormente cumprir a fun-

ción de igrexa parroquial de San Xoan de Camba.

Durante séculos, a esta igrexa localizada dentro da xurisdición, correspondíalles aos señores de dita casa o dereito de padroado, nomeamento de cura ou abade rural do devandito templo, ata que a finais do século XVIII pasou a pertencer



Fondo igrexa.

¹Resumo do estudo publicado por Luís Pérez Fernández na revista LUCENSIA: miscelánea de cultura e investigación. -- Vol. 24, n. 49 (2014)

á xurisdición de Camba e Rodeiro, pertencente á dignidade arzobispal de Santiago, quedando como vestixio o dereito ao uso da tribuna, privada ata 1985 para os señores da casa de Camba e o acceso á devandita igrexa por unha porta lateral norte, a día de hoxe pechada.

DESCRIPCIÓN DO TEMPLO

A obra de fábrica desta igrexa parroquial de San Xoan de Camba, inicialmente foi de traza románica, da segunda metade do século XII, segundo Hipólito de Sá, sendo posteriormente modificada no ano 1618, como outras moitas da zona, conservando a súa estrutura señorial ao estar unida a Cásaa – Fortaleza de Camba, como capela patrimonial para os señores da Casa e os seus servidores ata a época moderna, que se converteu en templo parroquial, reservándose a Casa o dereito ao uso exclusivo da tribuna.

As obras e modificacións que se fixeron nela, foron varias. Nos seus principios a Igrexa era planimétricamente dunha soa nave con dúas portas de acceso e unha planta rectangular orientada de nacente a poñente, é dicir, mirando cara a Palestina, escenario do nacemento, vida, morte, resurrección e ascensión de Xesucristo, así como da creación da Igrexa.

Tras as reformas do ano 1618, só quedou da primitiva fábrica románica, os muros, laterais da nave, a porta sur ou do mediodía e o arco triunfal con parte do presbiterio que foi reconstruído para darlle maior altura e engadíndolle no testeiro do nacente, un corpo semicircular para a sancristía.

O templo, ten unhas dimensións en planta, de

18,65 metros de longo por 6,30 de ancho, e pódemolo dividir en tres partes; a nave que mide 9,40 metros de longo por 6,30 de ancho, o presbiterio, separada da nave polo arco triunfal, que mide 6,10 metros de longo por 6.30 de ancho e sendo o seu teito de maior altura que é o da nave e a sancristía con forma semicircular ocupando toda a fronte do presbiterio e comunicando con el a través de dúas portas, o seu radio é de 3,15 metros e cun teito moito máis baixo ao do presbiterio. Destas tres partes, a nave é a de maior capacidade pois é a que ten que dar acollimento a un maior número de fieis.

Exteriormente, os seus paramentos, son en todo o templo, de aparello de sillería perfectamente colocado en fiadas horizontais e bloques de granito ben tallados, destacando na súa perfección os que pechan a sancristía. Os paramentos interiores, son de sillería na nave, de cachotería no presbiterio e na sancristía atópanse encalados.

Se o templo na súa orixe románico só tiña dúas portas en planta, nalgún momento tivo unha terceira que estaba situada no muro norte desta e con acceso ao presbiterio, atopándose actualmente tapiada. As dúas portas actuais dan acceso á nave e están situadas a maior na fachada barroca do poñente e a pequena ou románica na fachada meridional.

FACHADAS

A) Fachada principal

A obra de fábrica da fachada do poñente ou principal esta levantada en aparello de sillería con bloques de granito ben tallados e de tama-



Igrexa de San Xoan de Camba.

ño regulares, escuadrados e aparellados a soga en fiadas horizontais na súa paramento exterior e foi modificada, sendo nun principio de orixe románico e transformada no 1618 en barroca, contendo na mesma verticalidad, a porta principal, o óculo e a espadana.

A porta principal de acceso á nave, está enmarcada cunha decoración plana, con orellas nos ángulos e nos pés, conservando na parte central do dintel, unha pedra probablemente do antigo templo románico na que han esculpido unha cruz apoiada nunha peana con base irregular, a porta ten 2,00 m. de alto por 1,40 m de ancho. No centro do frontispicio, está o óculo abucinado que proporciona unha tenue luz á Tribuna.

A espadana, é de boas dimensións e está centrada neste lenzo e coroada con pináculos de bóla, sobre as esquinas; esta espadana, está composta de tres vans de medio punto ocupando dous deles as campás que son de distinto tamaño e suxeitas a un xugo de madeira con

pivotes nos extremos, sobre os que as campás viran. A campá grande ten gravada a data de construción de 1953 e na súa base está gravada a imaxe de Santa Bárbara, sostendo un cáliz coa man dereita e na esquerda unha palma, acompañando a torre, ao seu lado dereito.

Na base da espadana, existe unha moldura horizontal en voladizo, inclinada nos laterais segundo o sentido do tellado, sendo incompleta no lateral esquerdo; pola parte inferior desta moldura, existe unha decoración en forma de placas semicirculares recortadas e terminadas en pinga. Un dos maiores difusores deste tipo de decoración barroca foi o arquitecto do Cabildo compostelán Simón Rodríguez (1679 – 1752) difundíndose por toda Galicia.

B) Fachada setentrional

Ao comezo desta fachada, atópase a Casa e Fortaleza de Camba, lindeira coa Iglesia, esta iníciase na mesma esquina da fachada do poñente

ou principal e ten unha lonxitude de seis metros cuberta, por onde se comunica coa Tribuna e nos seus muros laterais existen dous pórticos para facilitar o paso das procesións contorna ao templo. Nesta zona cuberta, iníciase a escaleira de acceso ás campás, construída en 1869. O seu paramento é de sillería, e está coroado por unha cornixa corrida e apoiada en só dous canecillos, faltando outros dous que supoñemos que se perderon coa construción dunha canle pétreo, situado encima deste muro da nave para recoller as augas desta vertente da Casa e do templo.

No ángulo que forma o muro de peche da Casa e o da nave, atópase situado o famoso sartego de don Fernando de Camba. Practicamente encima deste sartego, existen tres ménsulas integradas no muro da nave, unha delas está rota, estas ménsulas talvez usáronse de apoio dun soportal para a protección da auga. A continuación, está o contrafuerte, que coincide co final do muro da nave e o inicio do presbiterio, a súa función é a do reforzo do muro do templo á altura do arco triunfal. Unida a este contrafuerte, atopábase a terceira porta do templo que daba acceso ao presbiterio e estando perfectamente tapiada non sendo fácil a súa identificación e carecendo de ornamentación. Encima desta porta e desde o contraforte seguindo a cornixa da nave hai un rústico verte augas nun tramo duns cinco metros, con abundante voladizo, o seu fin puido ser o de servir para a coroación dun soportal de protección dos feis xunto a esta entrada. Esta porta debeu ser de uso exclusivo dos señores da Casa e Fortaleza de Camba, xa que era habitual na idade moderna, que os nobres usasen distinto acceso aos templos.

Esta fachada, setentrional ou do norte, carece de

luces ao interior do templo, e o seu paramento é dun bo aparello de sillería coroado por unha moldura en oitavo de cana con grosso suco superior, apoiada sobre dez canecillos, faltando dous na zona cuberta, como se dixo, todos eles son sincrónicos á fábrica románica e a súa decoración é: seis en proa ou diamante rectángular en posición vertical, un cóncavo e outro se ignora por atoparse practicamente tapado polo contrafuerte.

C) Fachada do nacente

Esta fachada corresponde ao peche da sancristía, ten forma circular e tellado de altura moi inferior ao do resto do presbiterio, pola súa banda do mediodía hai unha xanela estreita ou saetera cun pequeno derrame exterior e situada a 1,50 m do chan, esta proporciona unha tenue luz á sancristía. A fábrica da súa paramento exterior é a de mellor aparello de sillería e acabado do templo, terminando coroada por unha cornixa de cuarto de caña cun fino perfil superior.

D) Fachada meridional

Nesta fachada atópase a única porta de orixe románico que dá acceso á nave, ten tímpano rectangular cunha cruz orlada similar á cruz da Vi-



Escudo capela sur.



Pía bautismo.

toria encima, está moi deteriorada e cos brazos verticais mutilados. A cruz da Vitoria foi doada á Catedral de San Salvador de Oviedo polo rei Alfonso III o magno e pola súa esposa, a raíña Jimena de Asturias, no ano 908. O tímpano apóiase en mochetas con lixeira ornamentación que pechan en forma de arco o van rectangular enmarcado polas jambas. Interiormente a abertura da porta é semicircular abovedada, e as súas dimensións son de 1,92 m. de alto por 0,80 de ancho, péchase cunha porta de madeira coa imaxe do patrón na parte superior. Á esquerda desta porta e próxima á esquina da fachada principal, hai un reloxo de sol ao que lle falta a súa agulla, e conservándose en bo estado. Este reloxo está enmarcado por unha moldura que encerra ao mesmo atopándose coroado por un precioso sol, astro da súa referencia, en cada un dos catro ángulos do enmarque, ten unha flor como ornamentación e na súa base figura a data de 1746.

Entre a mencionada porta e o contrafuerte, hai unha xanela estreita ou saetera con derrame exte-

rior para facilitar a entrada da luz á nave, e próxima a esta hai outra tapiada. A continuación está o robusto contrafuerte para o reforzo da parede do templo á altura do arco triunfal, como sucede no lado oposto. Á esquerda deste contrafuerte e próxima ao tellado da nave, existe unha ménsula, que o seu fin puido ser para a colocación dalgunhas estadas, na ampliación do presbiterio. En toda esta zona da nave, son visibles un total de dez canchillos, todos eles, tamén sincrónicos á fábrica románica e todos coa mesma base, do mesmo xeito que na fachada oposta, terminando decorados en: un en bóla, tres cóncavos, catro en bocel e dous en proa ou diamante.

Na parte superior da parede do presbiterio, hai outra xanela de boas dimensións enmarcada cunha decoración plana, e observándose que é de nova facturación e serve para a iluminación deste. Neste paramento e a 1,50 m. do chan existen outras dúas saeteras, unha cega e a outra ilumina o ara situada no interior do presbiterio.

Todos os paramentos exteriores son de bo aparello de sillería, do mesmo xeito que nas outras fachadas, e están coroados por moldura corrida de oitavo de cana na nave apoiada sobre os canecillos; no presbiterio termina en chaflán recto con fino surco.

TEITUME DO TEMPLO

O teitume do templo, atópase a tres niveles distintos dependendo dos seus tres partes: a nave, o presbiterio e a sancristía. A da nave, ten vertente a dúas augas do tellado; a do presbiterio, a catro e a da sancristía, a seis, por ser semicircular.

A armadura da cuberta é de madeira de castiñeiro, así como a do establecido do fallado, que é lixeiramente arcado na nave, e no sentido das augas no presbiterio, a sancristía, ten teito de placa de formigón enlucida de branco.

TRIBUNA

A tribuna está situada aos pés da nave, como é o habitual, e ata o ano de 1985, era de uso exclusivo para os propietarios da Casa, lindeira coa que comunica a través dunha porta situada na zona cuberta da fachada setentrional do templo, demostrando os dereitos e privilexios que os señores da Casa tiñan de asistir ás funcións relixiosas desde esta. A luz exterior recíbea a través do óculo abucinado da fachada do poñente, e as súas dimensións son 6,30 m. de fronte por 3,00 m. de fondo.

PARAMENTOS INTERIORES E PAVIMENTOS


A fábrica dos paramentos interiores é de aparello de sillería na nave e de cachotería no presbiterio, e ata o ano de 1985 estaban cubertos cunha grosa capa de cal. Neste ano, segundo o libro de fábrica parroquial, procedeuse á súa desenlucado mediante a repicaxe destes paramentos.

No paramento norte da nave e próximos ao arco triunfal, hai dous signos lapidarios gravados en dúas pedras. Tanto a nave como o presbiterio, foron pavimentados con grandes laxas de granito, quedando perfectamente unidas e procedendo algunhas delas de lápidas en desuso de enterramentos realizados no cemiterio.

O pavimento do presbiterio, atópase a maior altura que o da nave, salvando este desnivel un chanzo pétreo.

ARCO TRIUNFAL

É un dos elementos arquitectónicos máis importantes da igrexa, é románico, de gran interese escultórico, e de peche de ferradura apoiado sobre un par de semicolumnas encostadas ás bases do mesmo e unha dobre arquivolta exterior, unha con ornamentación de corda e a outra ajedrezada entre ambas unha especie de follas vexetais no centro; estas arquivoltas están apoiadas nun sinal, prolongación dos ábacos das columnas do arco inferior. Os fustes son curtos sobre sinxelas bases con plintos con molduras lisas e en corda e con cabezas humanas nas esquinas que actúan como garras.



Capiteis



Capiteis

O capitel do muro norte ten unha composición que se inspira no tema de *Daniel entre os leóns*, segundo Yzquierdo Perrín, ou *Daniel no lago dos Leóns*, segundo Hipólito de Sá, o animal colocado á esquerda leva entre os seus fauces a outro máis pequeno; o da dereita ten a boca aberta. A súa imposta, ten nas esquinas unhas cabezas e unha decoración en espirais no centro.

No capitel ao lado oposto, hai unha ornamentación floral similar ás follas de palmeira terminadas en bóla, nas esquinas ten unhas pequenas volutas e no centro unha cabeza humana rudamente traballada. Na imposta, represéntase uns círculos que encerran unhas rosetas.



Arco de triunfo

Segundo Guedes de Castro e Yzquierdo Perrín, referíndose á cronoloxía desta igrexa di: “a pesar de que case non queda máis que o arco triunfal para tentar buscarlle unha filiación estilística á igrexa de San Xoan de Camba os seus motivos ornamentais, así como o tratamento que reciben e o apuntamento do citado arco de acceso ao presbiterio parecen aludir a unha posible relación coa parroquia de Santiago de Pradeda (Carballeda – Lugo), non demasiado distante. En ambos os edificios apúntase o arco triunfal que, ademais, se moldura e decora de maneira similar, coinciden tamén nas súas composicións, así como nalgúns outros detalles, na ornamentación dos seus capiteis e na maioría dos restantes motivos. Dado que o animismo mestre de Pradeda parece estar entre os que coñecían a arte do mestre Pelagio e que algúns de tales motivos, por exemplo as espirais, son un dos máis característicos deste mestre rural cabe preguntarse se o anónimo autor de

Camba traballaría con el nalgunha das súas obras. De ser así a cronoloxía da igrexa de San Xoan de Camba situaríase cara a 1225 – 1230, datas que xustifican o apuntamiento do arco e o posible coñecemento da obra de Pelagio e doutros artistas activos na zona entre os finais do século XII e comezos do XIII”.

CAPELAS FUNERARIAS

O exceso de monumentos funerarios nas igrexas, foi dificultando o rito litúrxico, especialmente os que se alzaban nas capelas dos cabeceiros. Desde o século XVI, comezan os traslados a lugares máis retirados das igrexas, continuando este proceso ata os nosos días.

As capelas que a continuación estudamos proceden aproximadamente desta época, segundo a data que figura no frontis do sepulcro de don Gaspar de Camba. A igrexa foi aumentada para dar cobixo a estas capelas, segundo Guedes de Castro.

Estas capelas funerarias que se atopan no presbiterio desta igrexa, teñen o sepulcro protexido baixo arcosolio e están orientadas litúrgicamente cara ao este e mirando cara ao ara do altar maior. Encima dos seus arcosolios están os brasóns dos seus titulares.

Nestas capelas repousan os restos de antepasados de Casa – Fortaleza de Camba, vivenda lindeira a este templo, unha no paramento do muro setentrional e a outra no meridional. A do norte está coroada co escudo armeiro de Gaspar Carlos de Camba Ozores e Sotomayor, que era fillo de don Pedro de Camba Ozores e de dona María de Camba Ribadeneira, que foi enterrado xunto á súa

esposa dona Baltasara Clara de Sotomayor, filla de don Francisco de Sotomayor e de dona Benita Araujo da Casa de Miraflores, en San Martiño de Salcedo, e tiveron por fillos a Melchor de Camba e a don Pedro Cayetano de Camba.

Na lápida do frontis do devandito sepulcro existe unha inscrición que lida literalmente di:

ESTA CAPELA EDIFICARONLOS (CAMBA) E LEMOS SRS. GASPARD DE CAMBA E OZORES GIL CASADO DON BALTASARA DE SOTOMAYOR, ZUÑIGA, ENCOMENDEN A DEUS ANO DE 1681.

No paramento do muro meridional ou sur está a capela de dona Catalina Teresa Fernández Noguerol, coroada co seu escudo armeiro, esta é a segunda esposa de Don Fernando de Camba, o que foi enterrado no sartego do cemiterio, fillo de don Lope de Camba e Taboada (o vello) e descendente dos famosos Suárez de Deza – Churruchao.

Dona Catalina Teresa, tróuxolle en dote a don Fernando de Camba, o coto de Esperante, coas súas rendas, peitos e dereitos, xurisdición civil e criminal. Era filla de dona Isabel de Montenegro, da casa de Amarante, Antas de Ulla.

O escudo da esquerda ou norte é cuartelado en cruz, contendo as armas dos Ozores, Camba, Zuñiga e Sotomayor, timbrado coa coroa ducal; unha copia deste escudo, coas mesmas armas, está nunha céntrica rúa de Pontevedra (rúa dos Churruchao). O escudo da dereita ou sur ten as armas dos Camba, así como as táboas e os caldeiros dos Taboada, e está timbrado tamén coa coroa ducal.

SARCOFAGO DE DON FERNANDO DE CAMBA

No ángulo formado polo muro setentrional do templo e o do nacente de Cásaa Fortaleza de Camba, atópase no cemiterio o sartego de don Fernando de Camba, o que tomou parte, xunto aos Reis Católicos na conquista de Granada, participando como capitán con vinte lanceros, dando lugar esta intervención á mítica concesión de duque de Camba, apoiándose na errónea interpretación do epitafio que figura no laude do seu sartego.

Esta lápida ten na súa cabeceira un gastado brasón do titular e nos pés un epitafio alusivo á súa condición de cabaleiro en latín e o ano (incompleto) do seu falecemento. Devandito epitafio di:

“HIC EST SEPULTUS FERDINANDUS DE CAMBA DUX IN BELIS SELECTA OVI ANO DE MDX_”

Que traducido di: Aquí está sepulto Fernando de Camba, capitán na guerra de Granada morreu no ano de 1.51?

Ten no seu frontis dereito unha serie de grabados: armas, castelos, torneos, etc, e na súa base un brasón carente de armas. Este sartego é de forma trapezoidal e ten unhas dimensións de 2,10 metros de longo por 1,00 metro na cabeceira e 0,75 metros nos pés de ancho.

ALTARES

A igrexa conta con tres altares, o maior situado no presbiterio e os outros dous nos colaterais da nave, nos ángulos formados por esta e o arco Triunfal.

Tanto o retablo do altar maior como o ao lado do evanxeo son barrocos. O retablo do altar maior ocupa toda a superficie do muro testero do presbiterio comprendida entre as dúas portas que dan acceso á sancristía. O seu estilo artístico é barroco, como dixemos e cuberto totalmente dunha cor aureo, (en moi mal estado de conservación) e está formado por dous corpos superpostos, o primeiro de gran tamaño e o segundo moi reducido en altura, e está organizado en tres canles verticais, dividido horizontalmente por unha cornixa decorada, o seu soporte é mediante columnas planas con capiteis decorados.



Lápida sepulcro de don Gaspar de Camba

A rúa central está presidida pola imaxe do protector do templo, San Xoan Bautista, aloxado nun fornelo ou camarín, vestido con pel de camelo e barba, sostendo coa súa man esquerda e sobre esta perna, o cordeiro e coa man dereita unha cruz.

O retablo colateral ao lado do evanxeo é barroco, colocado encima dunha mesa probablemente románica, o seu alzado consta de pradela con catro netos e dous corpos divididos nunha soa rúa. O motivo principal do retablo é o camarín, é de arco de medio punto, no que se garda a imaxe de especial veneración da Virxe María.

Na súa decoración destacan as columnas salomónicas bellamente ornamentadas e rematadas nun capitel con dourados.

O segundo corpo sepárao do anterior unha cornixa moi decorada e está formado por un cadro e a imaxe da Virxe dos Milagros. Este retablo parece ser que procede da capela que existía na paraxe de San Silvestre, este santo foi o que ocupou o camarín durante moitos anos, ata que se procedeu en darlle máis altura engadíndolle uns corenta centímetros por encima da pradela, para poder instalar no a actual imaxe.

O outro retablo colateral ao lado da epístola atópase colocado encima da mesa, é moderno e o seu alzado consta de pradela e un só corpo, carece de rúas, e ten tres camarines con arco de medio punto sendo o maior o central que garda a Virxe de Fátima, no ao lado esquerdo está a imaxe de San Judas Tadeo e no do da dereita, San José.

Ambos os altares están coroados por unha simbólica coroa coas iniciais M.M. entrelazadas de María Nai no centro dun círculo do que parten unha especie de aureola en alusión á iluminación da Virxe.

As capelas funerarias conteñen as imaxes de San Roque e San Antonio.

O templo contén dúas pilas, unha bautismal e a outra de auga bendita, ambas son de granito. A pila bautismal está colocada á esquerda do altar maior, ten forma dunha gran copa cun baquetón no seu bordo superior e asentada sobre un pé cilíndrico cun fina moldura no seu inicio e ao final unha base cadrada moldurada. A pila da auga bendita é románica e a súa copa está decorada cunha moldura grosa e outra fina no seu bordo superior, e uns lóbulos enmarcados por un fina moldura próximos á base. O pé é cilíndrico con dous molduras una no seu inicio e outra ao final e unha base cadrada moldurada.

Esta pila atópase situada no acceso á nave, á esquerda da porta grande ou da fachada do poñente. No seu principio estivo colocada á esquerda do acceso á nave pola porta románica da fachada meridional cambiándose de lugar cando os bancos de madeira actuais substituíron ás cadeiras individuais anteriores, colocándose outra, no seu sitio de mármore en forma de cuncha cunha cruz aparafusada á parede.

O valor inmateral dos Camiños de Santiago

Víctor Vázquez Portomeñe

Exconselleiro de Cultura da Xunta de Galicia e difusor do Xacobeo dende 1993

-I-

Todos coñecen a historia do descubrimento do corpo do Apóstolo, que, por indicación do monxe Paio, fixo o bispo de Iria Flavia, Teodomiro, polos anos 813 a 824, sen que podamos precisar máis.

Moitos creen que tal descubrimento foi un milagre, que moitos outros non creen.

E recoñecendo que, en ocasións, é difícil separar razón e fe, tradición e historia, si temos que concluír que, o verdadeiramente asombroso, excepcional e humanamente difícil de explicar, estiba en que un apartado robledal chamado Libredón, onde o corpo do Apóstolo foi habido, ocupado hoxe pola catedral de Santiago e situado no extremo do mundo entón coñecido, o Finisterre europeo, se convertera en destino de millóns e millón de homes e mulleres que, cos seus pes de peregrinos crearon e manteñen o máis fermoso camiño dos europeos, o Camiño de Santiago, tamén chamado das estrelas.



Imaxen de Santiago sedente

-II-

E que por causa do mesmo, naceran cidades, vilas e burgos. Compostela é un exemplo.

Se abrirán fisicamente vías e se tenderán pontes, enlazando nunha enorme rede a Europa enteira, dende as estepas rusas, dende as planicies de Turquía, dende as cidades de Grecia e Italia, dende as costas de Dalmacia, dende as ribeiras do Elba, dende os xeos do Báltico, dende as brumas de Escocia, dende os fraternos pobos de España ou dende o veciño e tamén fraterno Portugal.

Esa inmensa rede, repito, a todos une con Compostela de Galicia, e ávida de abranguer o mundo entón coñecido, continúa ata onde a terra morre, ata Finisterrae. Nos seus cantís atópase cun océano vibrante e poderoso, que se tingue de púrpura no solpor, infundíndolle as

lexións romanas que, fai 21 séculos, nos invadiron, un relixioso horror, que hoxe os peregrinos tocaron en ledicia.

Tamén por causa do camiño erixíronse, en conxunto, miles de ermidas, igrexas, catedrais e mosteiros, que levaron a arte románica e gótica ata cimas de emoción estética difíciles de superar.

Se crearan talleres de artesáns e comercios.

Se levantaran mesóns, pousadas e hospitais, creando así a primeira gran rede asistencial de Europa.

E brillaron a música, a poesía e a literatura.

Todo ese proceso é testemuña veraz e elocuente dunha realidade innegable. Parécese a un milagre que, repito, uns creen e outros non.



Ermíta de Nuestra Señora de O Faro (Chantada)

-III-

Pero en todo caso hai que recordar que poucos eventos da Historia foron asumidos como certos ó longo dos séculos por tal cantidade de gobernantes, homes da cultura, da milicia, da realeza ou simples cidadáns.

Porque poucos se toparon con testemuñas tan reiteradas, aínda que contestalas, anteriores xa o mesmo descubrimento do sepulcro, emitidas ademais nun alto medievo, escaso ou semideserto de fontes.

Dende Máximo, Bispo de Zaragoza, que no ano 571, e na súa crónica, refírese a un “célebre e sagrado templo da nai de Deus, chamado da columna, e edificado polo divino Santiago”; ata San Beato de Liébana, do século VIII, pasando polo breviario dos apóstolos do século VII, por San Isidoro de Sevilla, tamén do século VII, e polos ingleses

San Andhelmo de Malmesbury, século VII, e San Beda o Venerable, século VIII; todos sitúan o Apóstolo, irmán do evanxalista Xoán, na parte occidental de Hispania, chegando a afirmar San Beda que os seus restos foron escondidos nos últimos límites de Hispania, fronte o mar británico.

En fin, a estas alturas é seguro, no meu humilde criterio, que o debate sobre a autenticidade dos restos do Apóstolo, sexa complementemente estéril.

A quenes a afirmar, convén recordarlles aquela sentenza de Ortega y Gasset cando dixo que, en tanto exista alguén que crea nunha idea, a idea vive.

E fronte a quenes negan a autenticidade, cabe esgrimir aquela outra reflexión de Sánchez Al-

bornoz, cando conclúe que discutir a chegada de Santiago e o seu enterramento entre nos, constitúe a maior homenaxe que pode outorgárselle, toda vez que a polémica ven a ser unha mostra imborrable de que segue vivo entre os españois.

Porque, engado eu, calquera que sexa a resposta que a racionalidade ou a fe nos diten, Santiago e o seu Camiño son unha realidade secular e innegable, de brillantes virtualidades creativas e transformadoras desta terra, da España común e do vello continente no que orgullosamente vivimos.

-IV-

Chegados aquí, é de lóxica resaltar que o Camiño é un elemento esencial da personalidade histórica de Galicia, posto que en Compostela de Galicia, ten a súa meta.

Pero tamén é fonte do protagonismo de esta terra na idea de Europa porque a vía foi o crisol da cultura do vello continente e o espazo de comunicación no que se encontraron os catro elementos esenciais da civilización occidental, a saber, a filosofía da Grecia clásica, o dereito romano, as costumes xermánicas e o cristianismo. O Camiño, pois, representa unha suma de valores relixiosos, culturais, sociais e económicos.

Relixiosos, porque ninguén pode negar, calquera que sexa o seu credo, e aínda que careza de el, que o Camiño de Santiago foi inicialmente un Camiño de fe, como tal predicado e difundido por bispos, clérigos e monxes, e como tal asumido por monarcas, nobres e plebeos en toda Europa.



Cruceiro de Montecelo (O Saviñao)

O Papa Calixto II declarou, no ano 1.122, hai, pois, preto de 9 séculos, anos santos ou xubilares aqueles en que a festividade de Santiago, o 25 de xullo, caía en domingo.

De aí que os anos santos se repitan cunha cadencia de 6-5-6-11 anos de distancia entre sí.

-V-

E tanto foi o afán de impulso, como fenómeno relixioso, que Papas e clérigos incluso botaron man de lendas e tradición, que predicaron como historia.

Non lles vou a relatar os milagres mais sonoros que a tradición recolle, e que en gran parte figuran incorporados o Códex Calixtinus.

Pero non me resisto a referirllas os dous que a Galicia tiveron por escenario, o do Cebreiro e o de Fonsagrada, aquel no Camiño Francés a Compostela, e este no Camiño primitivo.

Alá polo ano 1.300, nun domingo de neves e

tempestades, misaba un clérigo na igrexa do Cebreiro, cando entrou Xoán Santín, un labrego da Barxamaior.

O cura, un tanto escéptico dixo para si: “Como ven ese con tan grande tempestade, fatigado, e total para ver un pouco de pan e un pouco de viño”. E engadiu que semellante esforzo, non merecía a pena.

Nese instante o pan converteuse fisicamente en carne, e o viño en sangue. E alí están, nun relicario que doaron os RR.CC. Como alí están, no lateral dereito da igrexa, as tumbas do clérigo e do labrego.

E identificando o cáliz do Cebreiro co Santo Grial, ou sexa, o da última cea de Cristo, cítano Wagner, o gran compositor alemán, na súa ópera Parsifal, e Ramón Cabanillas, o poeta da raza, no seu poema “O cabaleiro do Santo Grial”, no que Parsifal é galahad.

Nunha estrofa inesquecible, Cabanillas escribiu:

“Rompeu o ceo na ermida,
 e o misterio a renovar
 de fager o home divino
 de fager a Deus humán
 branca coma as albas neves
 veuse unha pomba abaixar, jo seu derredor,
 en circo
 doce estrelas a brilar, ficou coas ás abertas
 enriba do Santo Grial!”.

Como tampouco debo omitir o milagre máis sonoro e enterecedor do Camiño primitivo. O dun peregrino solitario que, nunha noite de neves, chegou a terras de Fonsagrada. Chamou a moitas portas en procura de pousada, pero ningunha abriuse.

O final alcanzou unha casa, a única que quedaba no lugar, a de aspecto máis humilde. Saíu

unha muller que o acolleu solícita e díxolle que podería compartir a cea dos seus fillos: un pouco pan duro. Pero que en todo caso alí tería un fogar en que quentarse.

O peregrino pediulle auga da fonte do lugar, e a muller marchou co cántaro e, con el cheo, regresou a casa. Cando entrou viu a mesa cuberta cun branco mantel, e sobre el unha gran fogaza de pan recente, observando a par que o cántaro de auga revosaba leite. Buscou coa mirada o peregrino, máis este desaparecera na escuridade da noite.

Dende entón, aquela fonte de auga chámasele Fons Sacrata, e deulle nome a entrañable vila da montaña lucense, Fonsagrada, fito importante do Camiño primitivo cara a Lugo.

Temos que dicir que as lendas non son o contrapunto da verdade, se non que se basean sempre en feitos que acaeceron na realidade, ou que



Na homenaxe polo 30 Aniversario do pasamento de Elias Valiña (Igrexa de O Cebreiro)

puideron haber acaecido, e que os seus relatores magnifican para gravalos indeleblemente na memoria dos homes.

Pero en calquera suposto, todo isto que expuxen, demostra a fonda raigame na fe no Apóstolo e a singular difusión do valor relixioso que protagonizou o Camiño.

Pero ademais, os peregrinos, vindo a Compostela, crearon a que podemos chamar a calle mayor de Europa, pero non só a física senón tamén a cultural, ata o punto de que os Ministros de Cultura da Unión Europea declararon o Camiño de Santiago, en maio de 1.993, fragua da conciencia cultural de Europa.

A UNESCO, a organización das NN.UU. para a educación, a ciencia e a cultura, que engloba a tódolos estados da terra, declarouno a súa vez como Patrimonio Universal da Humanidade o 10 de decembro de 1.993, o final, polo tanto, daquel Xacobeo que tiveron a responsabilidade e a honra de tutelar.

Porque polo Camiño viñeron estudosos en pos da erudición de difundía a Escola de Tradutores

de Toledo, que Alfonso VI, Rei de Castela, León e Galicia, impulsou a partires do ano 1.885, trala conquista da capital dos visigodos, entón do poder dos árabes.

Viñeron de toda Europa, e polo Camiño regresaron os seus países de orixe, pero levando a idea e o sentimento da súa pertenza a un continente común e a unha comunidade de valores.

E levando, ademais, os textos de gregos e romanos como unha das bases esenciais da filosofía e do dereito que haberían de rexer as súas vidas.

E por iso, Goethe, o pai das letras alemáns, legounos aquela contundente e certa sentenza, de que Europa fíxose peregrinando a Compostela.

E Arthur Boussoum aquela outra, igual de contundente e certa, de que o mapa de Europa, é o mapa dos Camiños de Santiago.

Castelao, en Sempre Galicia, dixo: “Por estes camiños entra Europa en España. O mesmo tempo xurde unha poderosa cultura galega, que adquire independencia e vida propia. Vela aí a arte románica, culminando no Pórtico da Gloria”.



Peregrinos polo Camiño de Inverno, Codos de Belesar (O Saviñao)

-XI-

En fin, o Camiño trouxo e levou ideas, ciencia, literatura e poesía, música, arquitectura e escultura, saberes artesanais e técnicas agrícolas, todo un bagaxe de progreso, que supuxo unha lenta pero verdadeira cultural na vella Europa.

Máis alá do relixioso, ese é o gran valor inmaterial do Camiño.

Política e socialmente debemos resaltar que nos séculos XI e XII ditáronse polos reinos cristiáns normas de protección o peregrino, e fueros para atraelos, tanto en Navarra coma en Castela León e Galicia.

Estes fueros supuxeron un profundo avance en materia de dereitos, e cito algúns deses dereitos coma a inviolabilidade do domicilio, a liberdade persoal, unha certa independencia da xustiza e sumisión dos cidadáns a xustiza local, etc.

Todo isto conforma o embrión dos valores xurídicos da nosa civilización, recoñecidos nunha época en que os dereitos estaban a merced dos caprichos do señor de turno.

E motivou a repoboación de moitas áreas do trazado do Camiño e a creación dunha clase media de artesáns, mercaderes, mesoneiros e hospitaleiros, que foron bastión daquelas sociedades.

-XII-

No eido da música foi o gran difusor do canto gregoriano, esa soberbia creación do medievo. E fixo nacer dúas celebres composicións populares A GRANDE CANCIÓN DOS PEREGRI-

NOS DE SANTIAGO, melodía que chegou a utilizarse nun cántico da revolución francesa; e a ULTREIA, a máis famosa composición, recollida no Códex Calixtinus.

Este ten ademais unha curiosidade. Transcribe o primeiro canto, a tres voces, que se coñece en occidente.

-XIII-

Arquitectonicamente hai que recordar que a arte do Camiño foi o románico, o gótico e o barroco, ou unha singular composición ou simbiose entre a humilde tosquidade do románico, a lixeireza do gótico ou a ostentación afluigranada do barroco.

A gran parte da arte en forma de ermidas, igrexas, catedrais e mosteiros, enmarcada na inmensa rede Europea do Camiño de Santiago, despregouse trala data de construción das dúas primeiras igrexas adicadas o Apóstolo en Compostela.

A primeira era de pedra e barro, e de parcas dimensións de 20 por 7 metros, aproximadamente, e foi construída por Alfonso II O Casto, Rei de Asturias e de Galicia, e consagrada no ano 829.

A segunda foi construída por Alfonso III O Magno, Rei de Asturias, Galicia e León, e consagrada no ano 899. Era xa unha basílica duns 40 metros de longo.

A Catedral actual comezouse no ano 1.075 e foi consagrada no ano 1.211. Responde a aquel compendio de estilos románico, gótico e barroco que antes enumerei.



Peregrinos da Asoc. Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra na Praza de Praterías (Santiago)

Está xeralmente considerada, xunto con catro francesas, coma un exemplo acabado da tipoloxía de peregrinación polas súas grandes dimensións (100 por 70 metros), longa nave central, dúas laterais menores con tribunas, múltiples capelas e deambulatorio que rodea a capela maior.

Nela traballaron mestres inesquecibles, verdadeiros e imaxinativos arquitectos daqueles tempos coma Bernardo O Vello, Esteban e seu fillo Bernardo O Xoven e, sobre todo, o Mestre Mateo que escribiu en pedra a máis fermosa sinfonía de Galicia, que todos coñecemos como Pórtico da Gloria.

Del compuxo Rosalía de Castro dous versos fermosos coma a obra que glosan. Contemplando as figuras de Mateo dixo:

“¿Están vivas? ¿Serán de pedra?

Aques sembrantes tan verdadeiros”.


-XIV-

Literariamente o Camiño de Santiago protagonizou, máis de 9.000 títulos ou libros, infinidade de artigos en periódicos e revistas, e incontables referencias na TV, na radio e nas redes sociais.

Podemos asegurar que non hai medio de comunicación, na inmensa maior parte dos países da terra, que non se teña ocupado, con máis ou menos extensión, do Camiño de Santiago a partir da década dos 90.

Xa na idade media as dúas obras máis salientables tiveron a súa orixe en Santiago.

Foron a Historia compostelana (1.107) ou Crónica de Galicia, e o Códex Calixtino, escrito este no ano 1.140 polo clérigo franco Aimerich Picaud. É un compendio de dispares composicións, que contén a primeira guía de peregrino.



Pórtico da Gloria

Capítulo curioso é o sétimo do Libro V, que se refire o nome das terras e características das xentes que se atopan no Camiño de Santiago. De Galicia di:

“Atópase a terra galega, unha vez pasadas as comarcas de León e o porto do monte Irago e do Cebreiro. Esta é frondosa, abundante en ríos, prados e excelentes pomares, bos froitos e clarísimas fontes, etc.

Os galegos seméllanse bastante nas costumes a nosa xente gala, máis ca os outros incultos pobos españois, pero son iracundos e moi preiteantes”.

Descrición verdadeiramente laudatorio, e se non vexan o que di dos vascos:

Asegura o Códex que “esta terra (a vasca) considerase bárbara pola lingua, boscosa, montañosa, falta de pan, de viño e toda clase de alimentos, agás o alivio que supoñen as mazás, a sidra e o leite.

Nesta terra hai uns malvados cobradores de portádegos que merecen, sen dúbida, condenarse porque saen o encontro dos peregrinos cos dous ou tres garrotes e cóbralle pola forza tributos inxustos”.

Conclúe que os vascos “son feroces e a terra en que viven tamén é feroz, montaraz e bárbara”.

O Códex Calixtinus, erra a luces vistas.

-XV-

Poeticamente o Camiño de Santiago inspirou a moitos dos trobadores medievais que protagonizaron o rexurdir da lírica galaico-portuguesa, como Paio Gómez Chariño, Airas

Nunes, Bernal de Bovabal, Xan Airas, Alfonso X O Sabio que lle dedicou 6 cantigas, etc.

En fin, o Camiño creou unha espazo de comunicación cultural, como dixeran, que produciu

consecuencias tan chamativas como o parentesco das linguas romances. Nunca os poetas usaran en Europa tantas linguas distintas das propias, ata o punto de que a poesía catalá daqueles tempos (século XIII) escribiuse en provenzal; a italiana, en francés e provenzal; a castelán en galego; etc.

Unamuno escribiu: “los piadosos peregrinos que venían del centro de Europa a ese corazón de Galicia, traían consigo leyendas, cuentos, relatos y cantares, y fueron sus romerías uno de los vehículos de la cultura europea de entonces. La poesía trobadoresca galaico-portuguesa, la primera manifestación culta del lirismo en lengua romance en la península, prendió al contacto de chispas traídas de la provenza por los devotos romeros a Santiago.”

Y Menéndez y Pelaio afirmou que: “El origen de la lírica galaico-portuguesa, se produjo en torno a la peregrinaciones a Santiago”.

Pero tamén se ocuparon do Camiño os vates galegos que mellor souberon pulsar as nosas esencias, a saber, Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, Risco, Cuebillas, Otero Pedrayo, Castelao, Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Rivas, etc.

E tantos anónimos trobadores como o autor daquel fermoso romance de Don Gaíferos de Mormaltan, ou sexa, o Duque Guillerme X de Aquitania, que peregrinou a Santiago no 1.137. Na Catedral morreu, e o romance, ben coñecido, di nalgunhas das súas estrofas:

“A onde irá aquel romeiro, /meu ro-
meiro a onde irá,
camiño de Compostela/non sei se
alí chegará.

Chegaron a Compostela, foron a Catedral, aí de esta maneira falou Gaíferos de Mormaltan:

Gracias meu señor Santiago, aos
vosos pes me tes xa,

se queres tirarme a vida, pódésma
señor tirar,

porque morrerei contento nesta san-
ta Catedral.

E o vello das brancas barbas caeu
tendido no chan, pechou os seus ollos
verdes, verdes coma auga do mar”.

E cando o mundo xacobeo reverdeceu na década nos 90, foron moitos os poetas que lle cantaron o Camiño, dende Uxío Novoneyra, o entrañable poeta do Courel, ata Luz Pazo Garza, Fernan Vello, Xavier Lama, etc.

E non me resisto a citar a Valle Inclán, o poeta irascible e das barbas de chibo que nos legou aquela melancólica poesía:

“Madre Santa María ¿en dónde canta el ave
de la esperanza mía? Y dije mi plegaria,
y mi alma tembló toda, oscura y milenaria,
y vi un peregrino, bello como Santiago,
iba por el Camino.
Me de tuve en la senda,
y respiré en ingenuo aire de leyenda.”

E aínda que amosara sempre alma de galego, Valle Inclán non escribía na nosa lingua, mais fixo unha excepción, rematando con catro versos que din:

¡Orballiño fresco / nas pallas do día!

¡Orballiño, gracia / da virxe María!

Pero as glorias do Camiño decaeron a partires do século XVI. Os seus maiores inimigos foron a reforma de Lutero e o florecemento dos grandes estados europeos.

A primeira, o lograr que o protestantismo fora asumido pola maior parte da Europa central e Inglaterra, áreas de onde procedían a gran parte dos peregrinos.

O segundo, o converter os novos e poderosos estados en gardiáns celosos das súas fronteiras e controladores absolutos de estranxeiros que pisaban o seu territorio.

Así, Felipe II de España, no devandito século XVI, exixía o peregrino unha carta xurada, expedida pola xustiza do lugar, e acreditativa de que en efecto era un peregrino. Pero a maiores debía aportar o itinerario o que incuestionabelmente debía cingirse.

E Luís XIV de Francia, no século seguinte, prohibiu peregrinar sen a súa autorización expresa, amén de controlar o paso polo seu territorio.

En resume, durante máis de catro séculos o Camiño veuse paulatinamente reducido a tan so manifestacións relixiosas, o punto que na década dos 70 do século pasada eran unicamente unha cantas ducias o peregrinos que obtiñan a compostela, e que no ano 1982, en que Xoán Pablo II visitou Santiago, e a pesar do impulso que iso supuxo, foron 1.800 os que obtiveron a devandita credencial.

Galicia foi consciente de que, a pesares de que

o Camiño constituíra unha inmensa aportación a idea de Europa, corría o risco do letargo e do esquecemento, do que esta terra debía sacalo.

Era necesario sácalo do seu letargo, e Galicia



Compostela dunha xoven italiana falecida

fixoo nun “todos a una” como dixera o gran dramaturgo Lope de Vega, porque aínda que a min, repito, me coupo a responsabilidade e a honra de arbitrar e tutelar aquel Xacobeo 93, os galegos fixérono seu a través da aprobación unánime dun Parlamento que soubo antepoñer os intereses xerais desta terra os intereses de cada grupo.


Galicia fixoo seu tamén a través do esforzo de tantos alcaldes que creon e creen nas virtualidades do Camiño; fixéoo seu a través da colaboración das Asociacións do Camiño, das Deputacións Provinciais e de moitas outras institucións españolas e europeas, e dende logo a dos hostaleiros, constantes embaixadores desta terra fronte a peregrinos, visitantes e turistas, os que saben converter en semente de futuras presencias.

Todos, incluídos os medios de comunicación, unímonos para amosarlle o mundo esta Galicia tal como é: un país cun patrimonio cultural singular, de paisaxes insólitos, un país culinariamente insuperable, hospitalario e cordial, meta en definitiva do Camiño máis emblemático da historia dos europeos.

Un país que deixou de ser periferia porque o Camiño e a cidade de Santiago, ese mar de pedra, tremecido do vento, como a bautizou Celso Emilio Ferreiro, tiveron a virtualidade de centrarnos e de converternos en meta, en punto de encontro de cidadáns de 180 países da terra, como antes dixen.

O Plan Xacobeo 93 comprendía unha serie de programas, que vou a sintetizar porque eles polarizaron a inversión efectuada pola Administración, e determinaron o impacto económico que o rexurdir do Camiño supuxo para Galicia

1.- O Programa de Infraestruturas, que consis-



Pelgrín do Xacobeo.

tía na recuperación e rehabilitación dos 180 quilómetros do Camiño Francés dentro de Galicia, coas súas sinalizacións e adecuación da estrada paralela na provincia de Lugo.

Construción da rede de albergues.

Construción do Complexo do Monte do Gozo, con finalidade esencial de acoller a 5.500 visitantes en camas e no camping.

Construción do Palacio de Congresos de Galicia e do Multiusos do Sar.

Construción de áreas panorámicas e de áreas de descanso.

Construción de clubs náuticos, os que se dotou de catamaráns nos embalses de Belesar, Peares e San Estevo de Riba de Sil.

2.- Programa de Dinamización, coa finalidade esencial de implicar activa e participativamente a poboación do Camiño.

Valémonos ao efecto de animadores, universitarios seleccionados, que fixeron un curso teórico de 450 horas, e un práctico, incluídos viaxes ao estranxeiro, de 350 horas.

A súa misión era formar grupos de animación, presididos polo respectivo Alcalde, para asesorar e impulsar a creación de pequenas empresas, de casas de turismo rural, mesóns e pousadas, talleres de artesanía artesanal, grupos culturais, grupos de mulleres rurais, etc.

3.- Programa de atención ao peregrino, que comprendía servizos de seguridade, sanidade, protección civil, informacións, etc.

4.- Programa de Promoción e Imaxe, que supuxo o contacto e colaboración de múltiples institucións públicas, dende as demais CC.AA. do Camiño de Santiago ata as Universidade do Grupo de Compostela, pasando polo Parlamento Español, o Goberno de España, o Consello de Ministros de Cultura da UE., a UNESCO, embaixadores no exterior, etc.

E a colaboración de moitas máis entidades privadas, que sería prolixo enumerar.

5.- Programa de Cultura, con concertos e outras actividades nas sete cidades de Galicia e en máis de 140 concellos dos distintos camiños de cabeceira da comarca.

Houbo múltiples congresos científicos e certámenes de teatro, periodismo, poesía, vídeo, pintura, escultura, etc. O concerto dos 1.000 anos mereceu nos medios internacionais titulares como este: “La cita más irrepitable de las reuniones con las leyendas vivas del rock”.

6.- Programa de Hostalaría, con creación da Central de Información de Reservas, a que se acolleron 1.200 establecementos; creación dos Servizo de Guías Turísticos, e unha especial atención aos hostaleiros, os que se convocou a xurar unha decálogo, como efectivamente fixeron, con mandamentos tales como “a exquisita atención aos visitantes, o prezo xusto e a mellor calidade”.

A inversión nos devanditos programas, ao longo de catro anos, clasificada en cinco capítulos, foi:

- 1.-Infraestructuras.....69791658 € (56 %).
- 2.- Inversións inmateriais.....20843790 € (17 %).
- 3.- Dinamización.....20377712 € (16 %).



Río Miño ao seu paso por Belesar

- 4.- Promoción..... 7.521005 € (6 %).
- 5.- Gastos correntes.....928877 € (5 %).
- SUMA119.463.042 €

El impacto sobre a economía de Galicia médirono catro entidades en 1994, a saber:

a) A consultora M. Berdía, que cifrou o impacto, durante os anos 1992-1993, en 300 mil millóns de pesetas, equivalentes a 1.796.407.000 euros. Ou sexa, en só dous anos o beneficio foi 15 veces superior a inversión.

Elo compréndese ponderando que a dinamización económica incidiu en moitos campos, segundo acredita o devandito informe, i especialmente no das construcións, obras públicas, comercio, hostalería, restauración, transportes, servizos culturais, etc., en todos os cales motivou importantes niveis de inversión privada e consumo.

b) Da Fundación FIES das caixas de aforro, Fundación que dirixía o Profesor Fuentes Quintana, que fora vicepresidente económico do goberno de Suárez.



No Itinerario gastronómico do Camiño Francés

Concluíu que nun período de crise e consecuente decrecemento económico (ata un 3 % en varias CC.AA.) Galicia chegou a crecer un 2,74 % no sector servizos, que foi o seu verdadeiro motor económico. Naturalmente, citou expresamente o Xacobeo 93.

c) Da Confederación de Empresarios da Hostalería de Galicia (CEHOSGA), que estimou que o impacto económico, so no ano 1993, polos conceptos antes expresados, fora de 250 millóns de pesetas, equivalentes a 1.497.000.000 euros.

d) E a da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) que, xuntamente co sector das axencias de viaxe, considerou positivo en alto grao o impacto do Xacobeo 93, aínda que non cuantificou os seus resultados.

Pola súa parte, a Universidade de Santiago e a Xunta de Galicia publicaron na revista galega de economía no ano 2019, un informe no que conclúen no singular potencial do Camiño de Santiago para todo Galicia e, en especial, para as

poboacións da vía francesa.

E engaden que todo elo tradúcese nunha evidente mellora da marca Galicia e da súa imaxe, e que no campo estritamente económico supoñen o 11 % do PIB e un 12 % do emprego.

En todo caso debo deixar constancia de que o Xacobeo 93 non foi programado pensando tan so naquel ano xubilar, senón como algo permanente, pola súa condición de elemento definitorio da personalidade histórica de Galicia, e dende logo coa esperanza de que, ano tras ano, seguirá sendo un dos motores culturais e económicos desta terra.

As nosas esperanzas, cumpríronse, e uns poucos exemplos bastarán a confirmalas.

Sarria, unha vila de 7.500 habitantes, por falar tan só de turismo, ten unha oferta dunhas 3.000 camas, varias casas de turismo rural e varios hoteis.

Portomarín, vila de 600 habitantes, ten unha oferta de 1.500 camas, varias casas de turismo rural e varios hoteis, amén de dous en construción.

Palas de Rei, vila de 700 habitantes, ten unha oferta de máis de 2.000 camas, 13 casas de turismo rural e varios hoteis.

Poderíamos seguir con dúcias de exemplos, e especialmente glosas os efectos do Xacobeo na cidade de Santiago, meta do Camiño. Pero considéroo innecesario, por coñecidos.

Chegados aquí, exprésolles a miña convicción, que é un mero reflexo do pensamento de tódolos estudosos do Camiño, que a verdadeira historia do Camiño escribiuse en prosa silenciosa sen os oropeles da poesía.

Os seus protagonista foron os milleiros de homes e mulleres que esforzadamente, con acentos e voces distintas, atravesando montañas adustas, llanuras ardentes, doces vales ou bosques sombríos, ou surcando os mares que nos envolven, chegaron e chegan a Compostela.

Son os peregrinos. Esa figura entrañable, que

ennobrece ca súa presenza a esta Galicia de 1000 verdes e 1000 ríos.

Nas súas mochilas levan a fe ou a tradición ou a historia, pero sempre o espírito de superación, o afán de alcanzar a meta anhelada. E sobre todo levan a condición, nunca de estranxeiros, calquera que sexa a súa procedencia, senón de cidadáns de Europa, e hoxe de todo o mundo, desta aldea global que sigue tendo a Compostela como faro, unha verdadeira encrucillada de camiños do espírito, como dixo Otero Pedrayo.

Remato afirmando que sexan cales fosen as motivacións que impulsan os homes e mulleres a percorrer o Camiño (a fe, a cultura, o encontro ca natureza, o espírito da superación, a solidariedade, a amizade ou a simple curiosidade) todos canto o fan, senten o misticismo desa vía milenaria que, en si mesma, encerra tódalas motivacións que acabo de enumerar, e que, sumadas, constitúen a esperanza dun mundo de valores, dun mundo mellor.



Camiñando entre carballeiras polo Camiño de Inverno

2º PREMIO



**Puente Medieval sobre el río Cabe y campanario
iglesia convento Santa Clara. Monforte de Lemos**

Antonio Cortiñas Cortiñas (Monforte de Lemos)

Pregón na “20 Feiras do Libro de Galicia” celebrada en Monforte de Lemos (28/8/2019)

Olga Novo

Escritora e Premio Nacional de Poesía 2020

Boa tarde a todas e todos. Lectoras, lectores, libbreiras, paseantes, feirantes, xentes de Monforte e arredores.

A Feira é sempre metáfora da propia Vida, e por iso cada un fala de feira como lle foi nela. Falemos pois da vida.

Eu nacín nun pequeno lugar sen Libros pero con Feiras. A Feira da Pobra do Brollón os días 11 e 25 de cada mes, e as próximas do Incio o 22, en Monforte o 6 e o 24, en Quiroga o 10 e o 27, en Rubián o 14 e o 29...



Feira de Monforte 1950.



Feira de Monforte 1970.

Aló ía e aquí viñan meu pai, e o pai do meu pai e os meus antepasados todos mercar e vender bois e vacas, un burro, tres ovellas, e se cadra escoitar os cantos do cego de Eixón acompañado do seu violín. A aquelas feiras próximas ía a miña mai e a miña avoa, e as miñas antepasadas todas vender algún repolo, un cento de cebolas, unha ducia de ovos e mercar, se cadra, unhas laranxas, algo de peixe, e soñar co azucre e o chocolate que eran dozuras dos señores.

Eu nacín, si, nun lugar sen Libros pero con Feiras, e polo tanto, sen o acubillo da Alta cultura pero coa formación da Cultura Profunda, a popular, a ágrafa, sen letras escritas pero con letras cantadas e recitadas, cos cantos e contos sen fin da inmensa

narración oral do mundo desde que é mundo.

Fun, coma tantas nenas e nenos, alfabetizada nun saber entre vacas, co leite recién munguido bebido do balde mentres contaba as sílabas para crear un verso medido á perfección. Porque por sorte a sensibilidade non se pode comprar nin vender e non está suxeita ás leis do mercado nin á feroz matemática do capitalismo. Non. E por iso, aquela nena de casa humilde sen Libros puido ser unha nena con Poesía.

Mais así como o meu pobo pobre soñaba con tesouros de ouro enterrados baixo os castros gardados polos mouros, e as miñas ancestras soñaban cos azucres e o chocolate, eu soñaba



Mulleres feirantas - Ruth Matilda Anderson.

tamén co que non tiña: cos Libros que contiñan o brillo conmovedor das palabras con rima.

Eu fun unha nena con sede literaria, e esa sede nunca saciada na infancia levoume a escribir, para que endexamais se me acabase a beleza extraordinaria da linguaxe. Para que non se acabase nin se perdese. E para iso precisamente existen os libros: para acoller a fráxil existencia da beleza que dura un intre, o coñecemento e a memoria, o pensamento, a lucidez, a ciencia. A inmensa e fermosísima construción do saber humano.

Iso pensaba na adolescencia fronte ao escaparate da librería Xistral do noso Manuel María, percorrendo coa ollada os títulos daqueles libros escritos na miña lingua e que logo acariñaría coma quen pasa a man sobre o cabelo dun ser querido. Aqueles mesmos que agora amoso ao meu alumnado da Pinguela e comezo a chegar á miña filla nos andeis da librería Agrasar. Porque na Beleza dos Libros eu atopei sempre

un pracer que non se parece a nada, unha viaxe no espazo e no tempo, un trallazo aos sentidos, unha emoción insubornable, a certeza de estar viva, a seguranza de non estar soa, a calma, o bálsamo e mesmo a curación. Porque a Beleza, coma o Amor, sálvanos do negror do mundo.

E foi por iso talvez que, así como os meus antepasados viñan á Feira vender os produtos do seu saber agrario, viñen eu tamén cos meus froitos literarios ao gran mercado das letras. Coma se nun cestiño de vimbio trouxese canda unha ducia de ovos a metáfora máis querida da miña memoria persoal, o anaco de beleza que percibo e entrego para que outros e outras poidan gozalo coma min. E contemplo os froitos doutras mentes entre os postos da Feira, brillando a esta luz do solpor de Lemos coma mazás perfectas. E sinto como o saber e o sabor se funden na lingua e na mente. Só esa fusión, que dá lugar ao coñecemento, nos pode facer verdadeiramente libres.



Vendedora de pan - Ruth Matilda Anderson.

Por iso, que se pousen os ollos e as mans sobre as páxinas deste lugar aberto do Cardenal, esta rúa de tránsito e intercambio, para que, como antano no lugar da Compañía, se poida mercar a bo prezo un alimento terrestre imprescindible.

Nesta Feira do Libro eu síntome nunha Casa Soñada onde se reúne a memoria popular das Feiras e a alta Cultura do Libro ao que non tiveron acceso as clases baixas ata hai ben pouco tempo. Aquí xúntanse á fin os dous carreiros da miña propia historia.

Dedico este pregón á memoria das miñas xentes analfabetas que traballaron de feira en feira para que a súa descendencia escribira libros.

E dedico tamén este pregón ao recordo do amigo Ramón Rodríguez Vázquez, monfortino recentemente falecido, gran amante da lectura, e cuxa alta sombra de xigante discreto verei sempre entre os andeis da librería do mundo na procura do pracer de ler.

Amigos e amigas lectores e libeiros, Saúde. Saúde e boa Feira!

Folión de carros, orixe e tradición

Fco. Javier Rodríguez Medela
Xerente do G.D. R. Miño – Ulla e Historiador

Poderíamos empezar dicindo que o Folión é un agasallo que Chantada nos fai a todos os galegos para que, en certa forma, saibamos quen somos, lembremos o que fomos, de onde vimos e cales son certas esenciais que tamén debemos conservar.

O carro, quen non ten unha lembranza ao oír esta verba?

Quen nunca recitou os versos de Manuel María?

Non hai canto tan fermoso:

fino como un asubío.

Anque é, ás veces, saudoso,

fai se, no ar, rechouchío.

Quen nunca cantou a canción?

Si queres que o carro cante

móllalle o eixo no río,

que despois de ben mollado

canta como un asubío.

O Folión foise adaptando aos tempos e as novas tecnoloxías, pero segue mantendo a súa singularidade. Puido ser que gañase en beleza e espectacularidade, pero sen perder nunca en autenticidade, e isto débese, en boa medida, ao

compromiso dos veciños de Chantada, mozos inquietos e vellos sabios, que materializan o esforzo colectivo de todo un pobo.

Noite de Folión, cita obrigada para propios e foráneos, manifestación etnográfica dende tempos inmemoriais, orgullo de ser e existir como pobo.

Sobre as orixes do Folión, poderíamos plantearnos certas dúbidas, a verdade non se coñece a ciencia certa. Non existe documentación fidedigna e ademais moi escasa anterior ao século XIX.

Traballaremos sempre sobre dúas teorías, con defensores e detractores, que aportan argumentos valiosos e que incluso poden chegar a complementarse. Sempre coa intención de aportar luz sobre este particular: orixe Medieval ou orixe Contemporáneo.

A esencia do Folión non consiste en pretender fecer unha instantánea dun tempo pasado, intentando recuperar formas de vida xa esquecidas, todo o contrario trátase de recordar e rememorar o pasado. Tampouco tratamos de poñer en cuestión si é unha “manifestación gremial” ou unha “festa de inicio”.

Gómez Montero sinala “que a representación gremial foi o verdadeiro motivo e orixe deste único Folión”. A documentación máis antiga atópase na publicación “O Ateneo: xornal de intereses materiais, ciencias, artes e literatura” (N.º 15), onde un anónimo escribinte deixa constancia o 27 de agosto de 1859 da visita a Monforte do Gobernador de Lugo con motivo da inaugu-

Avelino Seijas Vázquez: “O *Folion alcanza extraordinario esplendor na vila d Chantada, celebrase na noite inaugural da noite das festas patronais. Consiste nun aparatoso desfile de carretas que tivo, nos seus principios, carácter gremial. Cada oficio engalanaba un carro do país con artísticas alegorías. Inútil dicir que o correr dos tempos introduxo importantes modificacións en tal desfile, aínda que conserva o tipismo dos asuntos escenifi-*



Carros engalanados do país tirados por parella de bois ou por parella de vacas

ración da estrada da devandita vila coa capital. Na súa crónica describe que “houbo música, vistosos fogos artificiais, baile e outros varios festexos, que por ser tan comúns en semellantes casos, non é necesario mencionar; facéndoo si dun coñecido neste pobo co nome de Folión, e que seguramente descoñecido por Vds., consiste nunha comparsa de gremios, os que representando oficios e profesións, percorren as rúas en carros, guiándolles no seu tránsito a luz que despiden grandes e numerosos fachóns de palla”,

cados e as plataformas continuen arrastrados por xuntas de bois ou vacas”

Antonio Costa Gómez: “O orixe do *Folion* pode remontarse a Idade Media, e radica nos gremios, que por un día abandonan o seu aillamento e cerrazón para sumarse a unha especie de manifestación conxunta, a un acto de comunicación entre eles, polo que a localidade tomaba conciencia de vila. Nun principio cada gremio montaba a súa propia carroza que o representaba e daba fe da súa existencia e valor”



Carros e animais engalanados

Ramón Rodríguez Porto: *“Unha manifestación xenuína na que confluen o legado dos antepasados e o respecto pola súa memoria, Nesta terra de Miño e Faro, de mil verdes e de trobadores xurdiu o Folión de Carros, xermolo da alma dos chantadeses, culto á tradición e modernidade”*

Xavier Viana sinala: *“O carro que dá nome o propio Folión ten especial protagonismo. A súa presenza é motivo suficiente para sospeitar dunha celebración algo máis complexa de analizar e describir que a recoñecida ata o momento como simple representación gremial. Reparemos na súa importancia simbólica”*



Carro engalanado con representacións gremiais do país desfilando por Chantada

Celso Almuiña: “Podemos apuntar dúas posibles teorías (hipótesis), orixes medievais e/ou romántica (XIX)”

“A teoría do medievalismo ten a favor dous elementos a considerar: 1º parece que o abolengo de calquera institución está unido estreitamente á súa antigüedad, polo tanto é máis tradicional na medida en que é máis antigo. 2º É certo que algunhas tradicións e representacións, especialmente aquelas ás que a Igrexa lle intereson a súa labor evanxelizadora se arrastran dende moi antigo, posto que ancestrais manifestacións paganas son pasadas a través da especial lente eclesíastica”

“A segunda hipótesis, que persoalmente encontro máis factible, é a da orixe romántica, a partir de comezos do século XIX, céntrase en valorar e recuperar o concepto de ‘pobo’ como suxeito colectivo e base (primixenia) de toda creación auténticamente orixinal. Esa creación dende a lingua ata a cultura autóctona vaíse plasmando de forma natural ao longo dos séculos no que coñecemos como tradición; polo tanto, a tradición é a columna vertebradora da

cultura-civilización de cada pobo”

Alfredo Pardo: “Ao termo das Guerras Carlistas, onde Chantada foi epicentro de batallas entre 1834 e 1874, xurdiron as chamadas Festas de Pacificación que na vila celebráronse os días 20, 21 e 22 de marzo de 1876. E entre miseria, asasinatos, roubos, cólera, desastres naturais en forma de tormentas e sarabia, a perda da capitalidade en favor de Taboada e recuperada de novo en 1861, un cadro de hidrofobia por lobos rabiosos en 1880, un Concello endebedado e os campesiños fartos de pagar grandes cantidades de impostos (contribución de consumos) buscou unha forma de evasión coas Festas Patronais. O rexistro máis antigo data de 1863 cando eran os propios veciños os que recadaban o diñeiro e celebrábanse bailes públicos nos salóns da sociedade Circo-Recreo e a casa do Marqués de Valladares. Pero non sería ata o ano 1877 onde a veneración á Virxe do Carmen mostrou o seu máximo esplendor; o 25 de agosto ao termo da novena, “dará principio o Folión, no que irán en carros do país (adornados convenientemen-



Representación de oficios tradicionais no Folión de Carros de Chantada



Representación de casas tradicionais de Chantada

te) representados todos vos gremios de artistas do pobo. Multitude de farois levados por raparigos iluminarán esta divertida escena, e formarán un vistoso acompañamento, concluíndo esta diversión con elevación de tres globos de diversas cores e figuras”.

Outros autores, como Xosé Lois García verían a súa orixe despois da desamortización .

Non quixera deixar sen nomear a “Chantaditude” do Folió, como así denomina o antropólogo Alfredo Valín o estado de ánimo dos veciños de Chantada: *“emoción compartida por aqueles que, ao paso da comitiva, se identifican coas escenas que se están a representar”*

Fagamos pois unha retrospectiva con datos xa documentados:

No século XIX, e nun programa de festas, impreso nunha imprenta ourensá no ano 1839, fálanos do tradicional Folió de Carros como: *“unha orixinal representación gremial de todos os faceres da vila: carpinteiros, latoeiros, zapateiros, fiadoras, zo-*

queiros, muíneiros, panadeiros, etc.”

O 27 de Agosto do 1859 ”O Ateneo: xornal de intereses materiais, ciencias artes e literatura” na súa crónica describe: “houbo música, vistosos fogos artificiais, baile e outros varios festexos, que por ser tan comúns en semellantes casos, non é necesario mencionar; facéndoo si dun coñecido neste pobo co nome de Folió, e que seguramente descoñecido por Vdes., consiste nunha comparsa de gremios, os que representando oficios e profesións, percorren as rúas en carros, guiándolles no seu tránsito a luz que despiden grandes e numerosos fachóns de palla”

No ano 1881, tal como recollen as publicacións da época, *“terminada a novena deu principio o Folió, <<populares vésperas, que consisten en percorrer polas rúas multitudes de carros simbolizando as distintas industrias e oficios do país, acompañados do xentío, que alumará o traxecto con innumerables fachos e farois, concluíndo ás doce>>*

No século XX temos constancia documentada de que no ano 1904 no programa de festas sinalábase que o día 21 *“ás nove percorrerá as principais rúas da vila o tradicional Folión terminando na Praza de Santa Ana, onde se situarán as músicas, elevándose infinidad de globos voadores”*.

No ano 1910 a comisión de festas recibe do Concello 250 pesetas, incluíron e potenciaron o Folión de Carros “cunha procesión de carros adornados con moito gusto, que percorreron as rúas. O tradicional Folión ten neste pobo e comarcas próximas moitos devotos; é unha representación das industrias, oficios e artes da localidade. O desfile tivo lugar na Praza de Santa Ana.

No ano 1912 o periódico “El Centinela” por la inclemencia del tiempo no ha podido celebrarse el tradicional foliÓN”

No ano 1926 José Costa Figueiras, na novela costumista *“Los agros de Sureda”* *“Era un número típico, imprescindible en los programas de todas las fiestas tradicionales... Consistía el Folión en una larga fila de carretas de bueyes, adornadas con follaje... En cada carreta se formaba así la alegoría de una profesión.”*

No 1927 a sociedade “Liga de Amigos” organiza as festas do 26 ao 30 de agosto. Ás dez da noite percorreu as rúas o tradicional Folión *“compuesto por carros alegóricos dos diversos oficios do país, disolvéndose na praza de Santa Ana, onde a Banda de Bombeiros e as gaitas interpretaron bailes”*.

No ano 1976 Juan Soto na súa “Guía secreta de Galicia” escribe: *“En Chantada se celebra por el mes de Agosto la fiesta nocturna del Folión de Carros, de arcaica tradición. Consiste en un desfile de carros típicos del país engalanados con representaciones plásticas gremiais. Gentes*

de Lugo y Orense acuden a presenciarlo y, con el pretexto del folklore se hacen los honores al vino de Chantada, que pronto se revuelve en la cabeza y hace cantar:

Folion, foliote

que anda o rabo do porco no pote”

Visto todo o exposto concluiremos coa intención de abrir o debate e que sirva pois de inicio de unha serie de traballos de estudo ou investigación para afondar en algo tan noso como é o Folión de Carros de Chantada.

Dende a súa constitución no ano 1989, a Asociación Cultural Amigos do Folión ven a desenvolver unha grande labor na recuperación da nosa cultura galega, en particular das costumes e tradicións de un pobo como o de Chantada.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 10 de maio de 2002 adoptou, por proposta do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo o FOLION DE CARROS DE CHANTADA, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001 do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico”

Das ultimas actuacións importantes que se teñen realizado son a inclusión do Folión de Carros é obter a condición de BIC dentro da categoría de patrimonio inmaterial, na candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade. “



Folión de carros de Chantada

BIBLIOGRAFÍA:

Celso Almuiña:

“O Folión de Carros de Chantada”

Alfredo Pardo:

“Rodade, rodade malditos “

“A tradición arrastrada polo Folión de Carros de Chantada” 2017

“O Folión de San Antonio de Padua” 2018

“O Folión das carrozas florais”

Xavier Viana:

“Que é o Folión de Carros“

“O carro no Folión de Chantada” 2017

Avelino Seijas Vázquez:

“Historia de Chantada y su comarca” 1979

Juan Soto:

“Guía Secreta de Galicia” Ed. Al-Borak (1976)

Angel Gómez Montero:

“Chantada, corazón de Galicia”

Ramón Rodríguez Porto:

“O Folión de Carros, orgullo de Galicia” 2017

José Costa Figueiras:

“Los Agros de Sureda”, 1926

Antonio Costa Gómez:

“Folión de Carros”

Roi Fernández:

“Unha exposición de oficios” 2017

FOTOS:

Arquivo documental Asociación Cultural Amigos do Folión

Arquivo Alfredo Pardo

3^{er} PREMIO



Ponte Medieval sobre el río Sil en Sobradelo (Carballeda de Valdeorras)

Manuel Juan Otero Pérez (O Barco de Valdeorras)

Ponferrada, municipio Jacobeo

Jimena Martínez Quintana y Francisco M. Balado Insunza
Asociación de Municipios del Camino de Invierno



Ponferrada.



Fotografías de Javier García Bueso

El Camino de Santiago ha sido uno de los ejes de comunicación que han definido a Ponferrada como realidad histórica. Capital administrativa y centro de servicios de la comarca del Bierzo, en el oeste de la provincia de León, por su posición geográfica y por su desarrollo histórico, ha sido y es un cruce de caminos. Hoy, en pleno siglo XXI, tal condición permite denominar a Ponferrada como un municipio jacobeo.

Hasta no hace muchos años, el tráfico que pasaba por el centro de la ciudad era distribuido hacia Asturias, Lugo y Coruña, Orense y Vigo, en las tres bifurcaciones en la que la radial traza desde la meseta desembocaba y atravesaba el casco urbano de Ponferrada.

Pero muchos siglos antes que esto, la ciudad del Puente, la Pons ferrata, de hierro o cerrado, según se interprete, era ya un lugar de paso. Desde tiempos prehistóricos, su término fue transitado por las comunidades humanas que, en la búsqueda permanente de mejores condiciones de vida, fueron poblando el noroeste peninsular. Más tarde, estas tierras fueron lugar de



Vista invernal nocturna de la calle Gil y Carrasco de Ponferrada. Paso de Peregrinos. A la izquierda, muro suroeste y Torre de Malvecino, Castillo. Al fondo, la Basílica de Ntra. Sra. de la Encina.

tránsito obligado para los romanos en su afán dominador del noroeste ibérico entre Asturica, Lucus y Bracara, las tres Augustas. Los pueblos que invadieron estas tierras y sucedieron a los romanos alcanzaron el occidente, el fin de la tierra, gracias a esas vías que también sirvieron para que, algunos, encontraran en los primeros siglos de la cristiandad occidental, refugio, sosiego y contacto con Dios. El eremitismo, fenómeno también asociado al municipio ponferradino, derivó en la emergencia de una Tebaida de la que quedan espectaculares paisajes y vestigios inmuebles de sobresaliente interés.

La Edad Media conocerá el auge de Ponferrada como lugar de encuentro y paso. El descubrimiento de la tumba de Santiago el Mayor supuso el momento iniciático del Camino a Compostela que, con los altibajos de la historia, ha significado un fenómeno que ha trascendido su significado inicial y resulta, hoy, un fenómeno social y cultural de alcance mundial.

En ese contexto, con un fenómeno como el jacobeo, de carácter global, el conjunto de elementos que lo conforman supone para la ciudad de Ponferrada, para su término municipal, por sus antecedentes históricos, su situación geográfica y su configuración regional actual, una oportunidad de desarrollo.

Esta oportunidad parte de la propia normativa municipal. Así, el vigente Plan General de Ordenación Urbana de Ponferrada (PGOU) de 2007, cataloga el Camino Francés, por su condición de Bien de Interés Cultural, con el siguiente literal¹:

[...] con carácter global, todo el Casco Antiguo está incoado como BIC y afectado por

el paso del Camino de Santiago, también con la máxima categoría legal de Bien de Interés Cultural regulado desde un Plan Regional. La competencia sobre el ámbito del Camino de Santiago a su paso por el término corresponde a los Servicios Técnicos de la Junta de Castilla y León.

En los planos de catalogación y anexos de este catálogo se refieren todos los elementos incluidos en la declaración del BIC Camino de Santiago, ámbito de protección máxima –suelo rústico de protección cultural en rústico- que aparece también plas-

mado en los planos de ordenación de la Revisión, tanto los del término municipal 1/10.000 como los de Ordenación urbana 1/1.000.

Así, los Caminos a Santiago, entendidos como fenómeno unitario de carácter histórico, social, religioso, cultural y patrimonial complejo, y a la vez, dada su extraordinaria vitalidad, multiforme y cambiante permiten considerarlos como un elemento patrimonial, de carácter inmutable y apegado a sus orígenes históricos, reflejado en el trazado, en las poblaciones o núcleos urbanos y en los monumentos asociados y como un fenómeno social y cultural, esencialmente diná-



Tipología de los distintos Caminos de Santiago identificados en la Estrategia regional de la Junta Castilla y León. Salvo el Sanabrés, todas las distintas posibilidades convergen al final, en la ciudad de Ponferrada.

¹ <https://www.ponferrada.org/es/temas/servicios/1-1-p-g-u-plan-general-ordenacion-urbana-2007-pgou>

mico, ligado al discurrir actual de los peregrinos, sus necesidades y las del territorio, siempre desde una perspectiva contemporánea. Estos criterios proyectan a futuro, más allá de la historia, al municipio de Ponferrada como un eje jacobeo de primer orden para su desarrollo.

De hecho, esa doble consideración patrimonial y social permite consolidar el posicionamiento de Ponferrada como un referente jacobeo teniendo en cuenta el previsible aumento de peregrinos en el espacio temporal que incluye los tres próximos años jacobeos: 2021, 2027, 2032 subrayándose la necesidad de incorporar mejoras, no solo en el campo de las infraestructuras, sino también en otros de especial importancia como el de la integración de la población local en la valoración y protección de estos referentes a través de su participación en los procesos decisivos, estableciendo indicadores medibles y escalables para un desarrollo sostenible del Municipio mediante la relación con los itinerarios jacobeos que lo recorren y los peregrinos que los transitan o la permanente necesidad de aportar conocimiento para poner en valor todos aquellos datos que arrojen luz sobre la realidad jacobea de la ciudad y sus pedanías.

La promoción de los itinerarios jacobeos en el Municipio de Ponferrada, tanto de entrada -el Camino francés desde Molinaseca o desde la variante del Manzanal, como de salida, siguiendo por el itinerario francés hacia el Cebreiro o salvando la orografía por el valle del Sil entrando en Galicia por el Camino de invierno, es otro de los aspectos que deben incluirse como prioritarios en un Plan que fomente el desarrollo municipal desde una perspectiva peregrina como lo es,

aprovechar las oportunidades que, en esa misma dimensión, proporcionan los Objetivos de la Agenda 2030 de la ONU con medidas que los promocionen, en el ámbito territorial y social, favoreciendo las relaciones colaborativas entre diferentes instituciones vinculadas a los objetivos jacobeos en el territorio y fuera de él. Así, una de las acciones concretas que se plantean en el corto plazo es potenciar la “Oficina del Peregrino de Ponferrada” como referente en la acogida del peregrino y la divulgación de los Caminos tanto presencialmente como de forma virtual, acercando la tecnología a la realidad jacobea.

Las herramientas jurídicas son importantes. Y, de hecho, la ley obliga a disponer de ellas. Así, la elaboración de un Plan Especial (en adelante PE) para los Conjuntos Históricos por los que transita el Camino de Santiago (Camino Francés) es una obligación recogida en la Ley 12/2002, de Patrimonio Cultural de Castilla y León. A este respecto esta herramienta de planificación y protección se orienta principalmente a la promoción y protección de los valores patrimoniales de este Bien de Interés Cultural (en adelante BIC).



Puente sobre el río Boeza. Paso de peregrinos. Ponferrada.

Esta obligación legal se presenta como una oportunidad. La implementación de este PE en el Municipio de Ponferrada constituye un punto de partida imprescindible para, partiendo de estos aspectos de carácter urbanístico y patrimonial, entroncar con otros elementos sociales relacionados con el desarrollo territorial, con el fin último de que el conjunto municipal de Ponferrada se consolide como referente de los valores jacobeos. Resulta necesario que el PE aporte datos y propuestas reales referentes a diferentes aspectos, tanto materiales como inmateriales, relacionados con la presencia del fenómeno jacobeo en el municipio de Ponferrada. Este conocimiento es el que permitirá ir más allá de la herramienta protectora para trasladarla a la sociedad y generar, a través de ella, verdadero crecimiento y desarrollo duradero. De este modo se caminaría hacia la consecución de los objetivos de la ONU para el desarrollo sostenible y duradero del Planeta en la denominada Agenda 2030, ya referidos.

Para generar verdadero valor es imprescindible que la ciudadanía se establezca como protagonista y agente receptor, que adquiera un

rol esencial que promocióne, salvaguarde y desarrolle los valores jacobeos en el Municipio de Ponferrada. Por tanto, integrar a las comunidades locales debe ser un objetivo prioritario para convertirlas en motor del desarrollo y clave del éxito de un proyecto pensado desde las personas para las personas que debe querer convertirse en oportunidad para fomentar la cultura, cuidar el patrimonio, el medio natural y paisajístico y promover el talento propio de sus habitantes, coadyuvando a retenerlo.

En el mismo sentido y partiendo de las personas, se deben de implicar en este programa de trabajo, las instituciones públicas locales, regionales y nacionales, agentes económico-sociales, entidades académicas, culturales y religiosas cuya cooperación es clave para la preservación de los valores y objetivos que se persiguen.

Con todo ello, se podría nominar a Ponferrada como Municipio Jacobeo, no sólo formalmente sino como un espacio de encuentro que acerca valores positivos, enlazando pasado y presente y generando positividad para las personas que en él habitan.



Castillo de Ponferrada. Paso de peregrinos.



De Ponferrada a Toral de Merayo. Camino de invierno.



Camino de invierno en el término municipal de Ponferrada, Toral de Merayo.



Vista parcial del Casco Antiguo de Ponferrada desde el castillo. Paso de peregrinos. Sobresale la torre barroca de la Basílica de Ntra. Sra. de la Encina (S. XVII)

BIBLIOGRAFÍA

- Balboa de Paz, J.A. y Fernández Vázquez, V. (2007). *Ponferrada y otras rutas por el Bierzo*. Ponferrada .
- Cobos Guerra, F. y Castro, J.J. de (2002) *Castillo de Ponferrada*. León.
- Fernández Vázquez, V, Alonso, J.A. et alii (2001). *Ponferrada, Puerta del paraíso*. Ponferrada.
- Fernández Vázquez, V. (2004), *Ponferrada, parada jacobea*. León
- Fernández Vázquez, V, García González, M.A. (coords). (2009). *Historia de Ponferrada*. Ponferrada.
- Fernández Vázquez, V. (2011). *Ponferrada, artística y monumental*. Ponferrada.
- Rodríguez Cubero, J.D.: “La Iglesia actual de Nuestra Señora de la Encina”, *Bierzo*, (2001), Ponferrada.
- VV.AA (1986). *Ponferrada y su municipio*. León

PROGRAMA PERCORRIDOS ANO 2020

Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra



2 Febreiro. Camiño de Inverno. Percorrido urbano por Monforte, misa, presentación documental sobre o Camiño de Inverno e Asamblea Xeral de Socios.

8 Febreiro. Camiño de Inverno. Participación na Feira dos Camiños en Lalín.

16 Febreiro. Camiño de Inverno. Bendilló-San Clodio. Visita Paseo Fluvial de San Clodio.

1 Marzo. Camiño de Inverno. Borrenes-Puente Domingo Flórez. Visita Casa Grande de Viloiira (O Barco de Valdeorras)

15 Marzo. Camiño de Inverno. O Barco de Valdeorras- A Rúa. Presentación do III Anuario: Vía Jacobitana. Camino de Inverno.

18-19-20-21-22 Marzo. Viaxe Cultural a VALENCIA e Sagunto

5 Abril. Camiño de Inverno. Reguengo- Dio mundi. Visita á igrexa románica de Santa María de Seteventos (O Saviñao)

19 Abril. Camiño de Inverno. Faro – Rodeiro. Visita á igrexa de Carboentes en Rodeiro.

1-2-Maio. Camiño Portugués. Viana do Castelo-A Garda cruzando en barco dende Camiña. Visita ao Castro de Santa Tegra, e os 60 muiños do Folón e do Picón.

24 Maio. Camiño Portugués. Percorrido: A Guarda a Oia. Visita a Baiona e Parador.

7- 8 Xuño. Camiño Portugués. Percorrido: Oia- Baiona. Cruceiro a Illas Cíes.

2-9 Xullo. Viaxe Cultural a POLONIA

12-13 Setembro. Camiño de Inverno. XVI Xornadas Científicas

7 Outubro. Camiño de Inverno. IV ANDAINA ESCOLAR

10-11-12 Outubro. Viaxe Cultural a TOLEDO e ARANJUEZ

25 Outubro. Camiño Portugués. Baiona .Vigo. Visita ao miradoiro de Santa Cruz.

8 Novembro. Camiño Portugués. Coruxo –Vigo

22 Novembro. Camiño de Inverno. A Susana -Angrois –Santiago. Misa do Peregrino. Visita ao Museo do Pobo Galego.

Saídas dende a Praza da Compañía (Monforte) ás 8:30

Prezos: 18 € (socios) 21 € (non socios).

A hora de saída de viaxes de máis dun día consultar.



608 57 59 65 / 630 50 88 72 / 686 73 23 93

Fotografía de **Marga Campo Chorva** (1º premio II Concurso Fotografía Asoc. Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra)

Actuacións e Actividades da Asociación dende setembro do 2019 a setembro do 2020

Aida Menéndez Lorenzo –Presidenta Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

As seguintes páxinas recollen aquelas actuacións ou actividades que ao longo deste tempo arriba sinalado viñeron ocupando a esta Asociación. Un período de tempo que ven marcado polas datas nas que sae esta publicación, de ano en ano, a finais de outubro.

Por tanto, unha parte deste programa que anualmente presentamos, a través dun Cartel e programas de man, corresponden ao último trimestre do pasado ano.

Arrancamos, así, en setembro do ano 2019 coas exitosas **XVI Xornadas Científicas do Camiño de Inverno**, sobre o Patrimonio Inmaterial, onde grandes expertos da cultura inmaterial ofreceron temas de especial interese aos máis de 100 participantes durante os tres días en que se desenvolveron as xornadas. Ademais de visitas ao patrimonio artístico e paisaxístico con relatores que deleitaron e fixeron soñar coas míticas lendas dos lugares visitados, tamén se disfrutou de música tradicional do máis profundo da nosa terra galega.

Queremos salientar a labor de difusión que facemos cos escolares a través da **IV Andaina Escolar**, na que participaron 1.200 escolares de 16 centros educativos das comarcas de Monforte, Chantada e Quiroga que percorreron un tramo do Camiño de Inverno, partindo de Cereixa–Reigada ata Monforte de Lemos. Lugar onde unha unidade móbil da radio, Onda Cero, adicaba un programa especial a este evento durante un par de horas con entrevistas tanto aos alumnos/as participantes (dende 3 ata 20 anos), como a mestres e membros da Asociación. Unha actividade que tivo continuidade nas aulas as través da Unidade Didáctica facilitada pola presidenta da Asociación.

A presentación do **III Anuario, “Vía Jacobitana. Camino de Inverno”**, e o resultado do III Concurso de Fotografía pechaban o ano. Se aquel recolle unha serie de artigos científicos que profundizan e dan a coñecer a cultura, historia e patrimonio destas terras por onde discurre o Camiño de Inverno, a través do Concurso fotográfico queremos facernos cun álbum fotográfico, a través dos ollos dos participantes de como ven e senten a nosa paisaxe e patrimonio, ademais da implícita difusión que conleva o concurso.

Arrancaba o ano 2020 coa Asamblea Xeral de Socios, onde se aprobou a proposta da presidenta de actualizar a **Xunta Directiva e Estatutos**. Un dos artigos recolle que esta Asociación deixa de ser de ámbito da Ribeira Sacra pasando a ser de ámbito Autonómico, xa que a súa actividade abrangue as catro provincias galegas por onde discurre o Camiño de Inverno. Na citada Asamblea, tamén se presentaba o novo Programa para o ano 2020, cargado cunha intensa actividade, que a partir de marzo se vería truncado debido á pandemia do COVID-19. A primeira actividade, que comenzaba o 3 de febreiro, iniciábase cunha misa peregrina polo socios falecidos o pasado ano e andaina polo Camiño de Inverno, a través do Concello de Monforte, mentres outros membros directivos levaban a cabo o repintado de sinais polo casco urbano; unha acción que conlevou unha sorprendente e triste sanción ás Asociacións, por parte do Concello de Monforte de Lemos. Sorprendente, xa que esta Asociación xa viña pintando e repintando automaticamente as frechas amarelas, é dicir, sen pedir permiso, algunhas en farolas, postes de luz, no chan, árbores ou semáforos, dende o ano 1999, sen que houbera ningún problema neste concello nin en ningún outro, pois é algo habitual que fan as Asociacións coa intención de guiar aos peregrinos, nunca pensando que causasen dano algún ao mobiliario, xa que non son ningún grafiti e ademais son facilmente borrables, cando se proceda por parte das Administracións a unha sinalización oficial. Pero, mentres tanto, gracias a esta sinalización, situamos ao Camiño de Inverno no mapa dos Camiños de Santiago e contamos con peregrinos. Así que, non deixa de causar tristeza esta sanción a unha Asociación que dende o ano 1999, foi pioneira en recuperar e sinalizar o Camiño de Inverno, primeiro con frechas amarelas dende 1999, e logo, a través dos anos, colocando paneis do trazado do Camiño por cada concello e máis de 130 fitos de granito pola Ribeira Sacra. Por todo o exposto, adxuntamos nesta publicación a sanción do Concello de Monforte de Lemos e as Alegacións que fixo esta Asociación, así como a contestación que éste fixo ás mesmas. E, agora mesmo, ao peche desta publicación, esta asociación está valorando recurrir a sanción pola vía contencioso-administrativa xa que nos parece improcedente. Queremos que tolo isto sexa público e forme parte da historia da Asociación, aínda que sexa dende o lado máis penoso.

A presentación dun Documental sobre o Camiño de Inverno, dirixido por Jaime Valdés, pechaba a xornada dese día de inicio da actividade do ano 2020, que pronto se vería frenada polo COVID-19, o que supuxo, somentes, tres **saídas polo Camiño de Inverno**.

Ao final do 2019 e comezos do 2020 asistimos a varias reunións en Santiago que desembocaron na formación da **Federación Galega de Asociación do Camiño de Santiago (FEGAC) e na MESA de Asociacións e Fundacións do Camiño de Santiago**, aos que se integra a nosa Asociación. Así mesmo, quedamos integrados no **Consello de Parroquias da Ribeira Sacra**, constituído en San Pedro de Rocas, coa finalidade de impulsar a Candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

Tamén houbo outras moitas reunións, ás que acudimos **representando a Asociación**, ao tempo que divulgamos o Camiño de Inverno:

- No Cebreiro no 30 aniversario da morte de Elías Valiñas
- No tribunal do Concurso de cociña da TVG “Come Comarca”, celebrado en Monforte de Lemos
- Na presentación do Plan Ribeira Sacra celebrado nos Peares
- No Itinerario Gastronómico do Camiño, celebrado en Santiago
- Co Clube de Natación de Monforte: “33 km a nado dende Quiroga a Monforte”
- Como membro do **GDR–Ribeira Sacra Caurel**, estivemos **vendo o Xeoparque da Costa Vasca**, declarado Xeoparque Mundial da Unesco, visitando os municipios de Deba, Mutriku e Zumai, para ver as espectaculares formacións xeolóxicas que forman capas de rocas, os famosos Flysch. Coa finalidade de impulsar o Xeoparque Mundial da UNESCO “Montañas do Caurel”, entre outros obxectivos da viaxe tratábase de ver como é o seu plan de xestión e promoción para facer algo semellante aquí.

O recibimento e **acollida de Peregrinos** que percorren o Camiño de Inverno, ou **encontros con Asociacións** tamén estiveron moi presentes, un ano máis, nos nosos obxectivos que fomos levando a cabo. Algúns famosos como foi a estrela de baloncesto, José Manuel Calderón que cun equipo de 20 persoas percorría o Camiño de Inverno dende Monforte de Lemos, baixo o patrocinio de *El Camino acaba en Obradoiro*.

As viaxes culturais e outros Camiños a Santiago levounos por **León** visitando a catedral gótica e as covas de Valporquero, entre outros lugares, e donde percorrimos unha parte do Camiño Francés, celebrando un encontro coa Asociación leonesa *Pulbra Leonina*.

Varias foron as **Conferencias sobre o Camiño de Inverno** que dende diferentes enfoques impartimos invitados por Asociacións, Fundacións ou foros académicos. Así, destacamos a emitida por video-conferencia para o Campus Noroeste peninsular da UNED dende UNED-Lugo, as desenvolvidas nos dous Workshops que sobre o Camiño de Inverno organizou a Fundación Juana de Vega, un en Sober e outro en Chantada. Pero tamén foron importantes as desenvolvidas na Asociación AFA-Chantada e na Asociación de Empresarios do Deza.

Este ano tamén nos deparou algunhas alegrías inesperadas. Unha, foi a concesión dunha **das Medallas Castelao 2020** ás Asociacións do Camiño de Santiago, o máximo recoñe-

cemento institucional concedido pola Xunta de Galicia, pola importante labouira altruista que as Asociacións veñen desenvolvendo en prol dos Camiños de Santiago. Un acto ao que asistimos en Santiago como representante do Camiño de Inverno.

Outra alegría inesperada consistiu no nomeamento de **DAMA da ORDE do Camiño de Santiago**, unha institución internacional presidida polo Mestre Miguel Pampín Rúa e cuxa proposta se nos fixo a través do Canciller da Orde, Alejandro Rubín Carballo, polo intenso traballo que dende fai máis de 22 anos vimos desenvolvendo en prol do Camiño de Inverno. E, para máis honra, fomos a única dama nomeada, este ano, entre 16 Cabaleiros. Entre eles o Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, Román Rodríguez. O evento que tivo lugar o 18 de xullo desenvolveuse entre Melide e o Hostal dos Reis Católicos. Un día grande, non só para nós, senón para o Camiño de Inverno pola oportunidade de difundilo entre máis de 40 países dos que proceden os, máis de 1600, compoñentes da Orde.

E a licitación do futuro **albergue público** que construírá a Xunta de Galicia no antigo **Palacio Bispal de Diomondi**, anexo á igrexa románica de Diomondi, concello de O Saviñao, concedeunos unha terceira boa noticia. O proxecto do futuro albergue que abarca non só a restauración e acondicionamento do antigo Palacio Bispal, senón o acondicionamento do atrio da igrexa e da gran parcela que a rodea, onde se fará un aparcadoiro entre outras actuacións, foi levado a cabo polo arquitecto lucense Justo Portela Fernández. El mesmo sería o que explicaba detalladamente as intervencións previstas para levalo a cabo aos membros da Asociación, na súa primeira saída, o 5 de xullo, tras a desescalada polo COVID-19, que os mantivo sen actividade dende o 15 de marzo.

Por outra banda, tamén nos ocupou a presentación dunha alegación á Axencia de Turismo e Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia polo erro que hai no trazado do Camiño de inverno á entrada de Monforte, na que se fai constar que a entrada histórica se producía e debe producirse polo barrio das Cruces, a efectos da correcta sinalización que se vai levar a cabo pola Xunta de Galicia.

Pechamos esta memoria coas magníficas fotografías gañadoras **do III Concurso Fotográfico do Camiño de Inverno** cuxos premios foron entregados o día 9 de xullo nun acto celebrado no Casino de Monforte, a quen agradecemos a súa colaboración con esta Asociación. Tamén temos que agradecer a colaboración de Arcadio Fotografía, que concedeu unha ampliación de 50 X 70 ó primeiro premio. E, non faltando os **recortes de prensa** que deron conta de gran parte de todas estas actividades da Asociación.

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN POR CAMBIO DE ÁMBITO TERRITORIAL

ASOCIACIÓN CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA

ESTATUTOS

DENOMINACIÓN, ÁMBITO E DOMICILIO

TÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

PREAMBULO

De entre os Camiños á Santiago pola Ribeira Sacra, ten adquirido vital importancia o denominado Camiño de Inverno, recoñecido pola Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, como unha das rutas xacobeas a Santiago de Compostela. O Camiño de Inverno foi tradicionalmente utilizado polos peregrinos coa fin de evitar as neves do Cebreiro, desviándose do Camiño Francés desde Ponferrada pasando polas Médulas (declarado Patrimonio da Humanidade) e atravesa as catro provincias galegas: A veira do río Sil percorre as comarcas de Valdeorras (Ourense) e Quiroga, continúa á veira do Miño por Monforte e Chantada (Lugo) atravesando territorio da Ribeira Sacra (espazo de enorme riqueza paisaxista e patrimonial que actualmente está proposta para a declaración de Patrimonio da Humanidade), e adéntrase na zona central de Galicia pola subida ao monte Faro, continuando por Rodeiro, Lalín, Silleda (Pontevedra) ata chegar a Santiago de Compostela como destino de peregrinación xacoba.

Art. - 1º

A Asociación ASOCIACIÓN CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA Constitúese no ano 1999 no Concello de Monforte de Lemos, coa fin de recuperar, investigar e divulgar a Ruta Xacoba que descorre polo Sur de Lugo, e posteriormente amplía as súas actividades ao longo de toda a ruta do Camiño de Inverno, polo que se fai preciso a modificación territorial da asociación de acordo á realidade actual das súas actividades.

A asociación regúlase pola vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro e sen estar sometida a ningún réxime asociativo específico.

Art. - 2º

Os fins da Asociación son:

- O estudo, investigación e divulgación os camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, e especialmente do Camiño de Inverno dada a importancia deste itinerario na época medieval como ruta seguida a Santiago de Compostela.

- A análise e promoción dos recursos artísticos, históricos patrimoniais e culturais dos territorios por onde transcorre o Camiño de Inverno.

- A defensa e promoción do Camiño de Inverno, como Ruta de peregrinación diferenciada dos Camiños a Santiago máis tradicionais, e a proxección e divulgación da súa riqueza patrimonial, cultural, etnográfica e paisaxista que a convirten en única aos ollos dos visitantes.

Para o cumprimento destes fins faranse as seguintes actividades:

- Organizacións de cursos, seminarios e conferencias que sigan documentando a existencia do Camiño, dando a coñecer os resultados obtidos en estudos anteriores.

- Velar pola correcta sinalización, limpeza e mantemento do Camiño coa implicación/colaboración dos Concellos por onde transcorre e da Xunta de Galicia (Xacobeo) para a súa conservación e posta en valor.

- Recorrido das distintas etapas definidas na Ruta, organizando xornadas para asociación, centros de ensino, grupos interesados etc., destacando e promocionando deste xeito, a riqueza natural e cultural do Camiño de Inverno.

- Manter relacións coas diferentes entidades das outras comarcas polas que discorre o Camiño de Inverno e que teña por obxectivo a promoción deste camiño.

- Promocionar esta Ruta como itinerario na Ribeira Sacra mediante publicacións de folletos, libros, vídeos, páxinas Web etc.

Art.- 3º

O domicilio da Asociación radicarán na rúa historiador Germán Vázquez, número 15, de Monforte de Lemos, na provincia de Lugo.

Art.- 4º

A Asociación desenvolverá, principalmente, as súas actividades polas catro provincias gallegas por donde discorre o trazado do Camiño de Inverno sen prexuízo de que poda realizar actividades en calquera ámbito exterior en canto serva para a o estudo, promoción e divulgación dos seus fins. A súa duración será indefinida e só se disolverá conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral, convocada ó efecto e por calquera das causas previstas nas leis, así como por sentenza xudicial firme.

Art.- 5º

A Xunta Directiva, como órgano de representación da Asociación, será competente para interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos, someténdose en todo momento

á normativa legal vixente en materia de Asociacións.

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante acordo que válidamente adopten a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Art.- 6º

A Dirección e Administración da Asociación serán exercidas pola Presidencia, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Art. – 7º

O Presidente da Asociación, que o será tamén da Xunta directiva, asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, presidindo as sesión que celebre unha e outra.

Art. – 8º

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asamblea Xeral. Estará formada por un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un Vicesecretario/a, un Tesoureiro/a e o número de Vocais que determine a Asamblea Xeral.

Só poderán formar parte da Xunta Directiva aquelas persoas que ostenten a condición de asociadas, que sexan maiores de idade, teñan o pleno uso dos dereitos civís e non estean nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Art. – 9º

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva elixiranse pola asamblea Xeral e terán unha duración de tres anos, aínda que poderán ser obxecto de reelección. As vacantes que se poideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asamblea Xeral.

Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por expiración do mandato, por incumprimento das obrigas que teñan encomendadas ou por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva. Os que esgotaren o prazo para o cal foran elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación daqueles asociados que os substitúan.

Art. – 10º

Os membros da Xunta Directiva non percibirán retribución polo cargo desempeñado.

Art. – 11º

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o Presidente/a, por iniciativa propia ou a petición da maioría simple dos seus membros. Para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo precisa a concurrencia , polo menos da metade máis un dos seus membros, incluídos o Presidente/a e o Secretario/a, ou quen estatutariamente os substitúan.

Art. - 12º

Son funcións da Xunta Directiva:

- Dirixir las actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- Executalos acordos da Asamblea Xeral.

- Elaborar e someter á aprobación da Asamblea Xeral os presupostos anuais e o estado das contas.

- Elaborar o regulamento de réxime interno que será aprobado pola Asamblea Xeral.

- Resolver sobre a admisión de novos asociados.

- Nomear delegados para unha determinada actividade da Asociación.

- Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asamblea Xeral de socios.

Art. – 13º

O presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades asignadas no Art.-7º, as atribucións seguintes:

- Convocar e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dirixilas deliberacións de unha e de outra, decidindo con voto de calidade no caso de empate.

- Ordenalos pagamentos acordados válidamente.

- Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou resulte necesaria no desenvolvemento das súas actividades, sen perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Art. – 14º

O Vicepresidente substituirá ó Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, terá as mesmas atribucións que él.

Art. – 15º

O Secretario levará o Rexistro de Socios e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Levantará acta das sesións celebradas pola Xunta Directiva e pola Asamblea Xeral e farase cargo das mesmas.

Custodiará a documentación oficial da entidade, expedindo certificacións das actas e dos acordos tomados polos órganos de goberno e representación co visto e prace do Presidente. Correspóndelle así mesmo a convocatoria, por orde da presidencia, das Asambleas Xerais, e da Xunta Directiva, a elaboración da orde do día, así como a tramitación e xestión de inscricións de modificación de estatutos e Xunta Directiva nos rexistros competentes. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade será substituído polo Vicesecretario.

Art.- 16º

O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente. Así mesmo, formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos e o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentadas á Xunta Directiva, para que ésta á súa vez, os someta á aprobación da Asamblea Xeral.

Art. – 17º

Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazcan das delegacións que a propia Xunta lles encomende.

Art. – 18º

A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, integrada polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e que reunirse sempre que o acorde a xunta Directiva, por propia iniciativa ou polo que acorde a décima parte dos seus asociados.

Obrigatoriamente a Asamblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria, polo menos unha vez ó ano, dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio, para aprobalo Plan Xeral de actuación da Asociación, censurala xestión da Xunta Directiva, aprobar, no seu caso, o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o

estado de contas correspondente ó ano anterior, fixalas cuotas ordinarias ou extraordinarias que deben pagalos os asociados e cantas outras cuestión se sometan á votación no capítulo de rogos e preguntas, sen que sexan competencia exclusiva da Asamblea Extraordinaria.

Art. – 19º

A Asamblea Xeral convocarase pola Xunta Directiva, con carácter extraordinario, cando esixan as disposicións vixentes, o acorden os membros da Xunta Directiva ou o solicite un número de asociados non inferior ó 10 por cento, e en todo caso para a modificación dos Estatutos, para nomealos membros da Xunta Directiva, disposición ou alleamento de bens, determinación das compensacións que podan corresponder aos membros da Xunta Directiva, no seu caso, pos asistencias a reunións, viaxes ou outros gastos xustificadas, disolución da Asociación, expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva, aprobación do regulamento de réxime interno e a solicitude de Declaración de Utilidade Pública. Tamén é da súa competencia a constitución de Federacións, Confederacións ou Unións ou a súa integración nelas.

Art. – 20º

As convocatorias das Asambleas Xerais, tanto ordinarias coma Extraordinarias, serán feitas por escrito, expresando o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a primeira convocatoria e o día da reunión, deberán mediar polo menos quince días naturais. A segunda convocatoria realizarase media hora máis tarde que a primeira.

Art. – 21º

As Asambleas Xerais Ordinarias ou Extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran a elas, presentes ou representados, a metade máis un dos asociados, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes.

Art. – 22º

Os acordos da Asamblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das dúas terceiras partes das persoas presentes ou representadas, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou alleamento de bens.

Art. – 23º

A Asociación disporá dunha relación actualizada dos seus asociados, levará unha contabilidade que reflecta a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Efectuará un inventario dos seus bens e recollerá nun libro de Actas as reunións da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.

TÍTULO III**DOS ASOCIADOS, DEREITOS E OBRIGAS****Art.- 24º**

Poderán ser membros da Asociación, libre e voluntariamente, as persoas físicas e as persoas xurídicas, legalmente constituídas, sexan estas públicas ou privadas, que dalgunha maneira teñan interese en servilos fins da mesma e sexan admitidos pola Xunta Directiva, a cal poderá outorgalo nomeamento de membro honorario ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que iso leve consigo a condición xurídica de asociado.

As persoas físicas deberán ter capacidade de obrar e non estarán suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán, para formar parte da asociación, o

acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional o acordo do seu órgano rector.

Art. – 25º

Aquelas persoas que desexen pertencer á Asociación, solicitarano por escrito ó Presidente, o cal dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do asociado, con recurso perante a Asamblea Xeral.

Art. – 26º

Os asociados poderán solicitar a súa baixa na Asociación voluntariamente, comunicada por escrito á Xunta Directiva, pero isto non lles eximirá de satisfacelas obrigas que teñan pendentes con ela.

A Xunta Directiva poderá separar ou expulsar da Asociación a aqueles asociados que realicen actuacións que contraveñan os fins da asociación ou dalgun xeito emitan manifestacións que perxudiquen gravemente a súa imaxe, polo que poderán ser declarados indignos de seguir pertencendo á mesma, así como adoptar calquera outra medida disciplinaria contra aqueles. A separación ou expulsión, así como calquera outra medida disciplinaria adoptada, será precedida de expediente no que deberá ser oído o interesado, o cal será informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción. Este acordo en todo caso deberá ser ratificado pola da Asamblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Art. – 27º

Estableceranse dous tipos de socios:

- Socios Fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.
- Socios de Número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.

Ambos tipos de socios teñen os mesmos dereitos e as mesmas obrigas.

Art. – 28º

Os asociados terán os seguintes dereitos:

- Participar nas actividades que promova a Asociación e nos actos sociais que organice para tódolos asociados.
- Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda ter.
- Asistir e exercitalo dereito de voz e voto nas Asambleas Xerais. En todo caso cada asociado que sexa persoa xurídica terá dereito a un só voto.
- Ser nomeado membro da Xunta Directiva na forma que prevén os Estatutos.
- Posuír un exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- Ser informado sobre a composición da Xunta Directiva da asociación.
- Que se lle poña de manifestó o estado de contas, ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así coma do desenvolvemento da súa actividade.
- A impugnalos acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á Lei e ós Estatutos.

Art. – 29º

Serán obrigas de tódolos asociados:

- Compartilas finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- Observar una boa conducta individual e cívica.
- Acatalos presentes Estatutos e os acordos válidamente adoptados pola Asambles Xeral.
- Abonalar cuotas periódicas ou extraordinarias

que acorde a Asamblea Xeral.

- Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ó cargo que desempeñen.
- Cumprilo resto das obrigas que resulten destes Estatutos, así como as establecidas na normativa reguladora do dereito de asociación.

TÍTULO IV

DO RÉXIME ECONÓMICO E DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. – 30º

A Asociación carece de patrimonio fundacional e o seu presuposto anual será o que se determine a principios de cada ano pola Asamblea Xeral.

Art. – 31º

A data de peche do exercicio económico da asociación será o 31 de decembro e as contas da asociación serán aprobadas anualmente pola Asamblea Xeral.

Art. – 32º

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

- As cuotas periódicas que acorde a Asamblea Xeral.
- As cuotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asamblea.
- Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poda recibir de forma legal.
- Os ingresos que obteña a Asociación mediante o exercicio de actividades económicas lícitas

que acorde realizala Xunta Directiva, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins estatutarios.

Art. -33º

A Asociación e disporá dunha conta bancaria, na entidade na que a Xunta Directiva decida, para xestión dos seus recursos económicos. Terán capacidade de acceso á mesma, indistintamente, Presidente, Tesoreiro, Secretario e Vicesecretario.

Art. – 34º

Terán apoderamento para poder actuar en conta o Presidente, Tesoreiro, Secretario e Vicesecretario. A firma pasará de ser mancomunada a firma solidaria (Presidente, Tesoreiro, Secretario e Vicesecretario)

Art. -35º

No caso de disolverse a Asociación, a Asamblea Xeral que acorde a disolución, nomeará unha Comisión Liquidadora composta por cinco membros, a cal farase cargo dos fondos que existan, para que, una vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houbera, sexa entregado a calquera entidade constituída, con domicilio nesta provincia, que se dedique a iguais, ou no seu defecto, a análogos fins que esta asociación, ou a unha entidade benéfica.

Así mesmo, no caso de insolvencia da asociación, a Xunta Directiva, ou se é o caso, os liquidadores nomeados pola Asamblea Xeral, promoverán de inmediato o oportuno procedemento concursal perante o xuíz competente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia:

Dona Aida Sara Victoria Menéndez Lorenzo, presidenta e don Francisco Javier Aira Losada, secretario da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra fan constar que estes estatutos foron modificados en Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en Monforte de Lemos o 2, de febreiro de 2020, co obxecto de adaptalos aos requisitos establecidos na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, seguindo o procedemento previsto no Real decreto 949/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

En Monforte de Lemos, a 12 de marzo de 2020.

1. XVI Xornadas Científicas do Camiño de Inverno: “o Patrimonio inmateral”



XVI Xornadas Científicas do
Camiño de Inverno
"O Patrimonio inmateral: lendas,
contos, ditos, historias, cantigas..."
No Concello de Monforte de Lemos
13 - 14 - 15 | setembro | 2019



2. IV Andaina Escolar polo Camiño de Inverno



IV ANDAINA ESCOLAR
polo
CAMIÑO DE INVERNO

Tramo 1 para alumnas/os de ESO
Cereixa ◊ Monforte. 9 Km

Tramo 2 para alumnas/os de Primaria
Reigada ◊ Monforte. 5 Km

Tramo 3 para alumnas/os de Infantil
Monforte (Campo da Virxe) ◊ 1 Km
Parque dos Condes.

Chegada a Monforte no auditorio aire libre **Parque dos Condes** (13:00 hr).

Entrevistas a tódolos colexios participantes na unidade móbil de **Onda Cero**. De 12:30 hr a 14:00 hr.

Teatro de títeres coa compañía **Viravolta**.
1º pase 13:00hr. ◊ 2º pase 13:30 hr.

PATROCINA
XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2021

ORGANIZA

COLABORA
GADIS



3. Presentación III Anuario: Vía Jacobitana. Camino de Invierno



Aida Menéndez (presidenta As. Camiños a Santiago pola R.S.), Nava Castro (Dra. Axencia de Turismo de Galicia), José M. Arias (Presidente do GDR Ribeira Sacra Caurel) e Manola Porto (Periodista-locutora de Onda Cero Monforte)



4. Repintado de frechas no Camiño polos concellos da Ribeira Sacra




Por O Saviñao



Por Chantada



Por Pantón



Por Monforte



Por Pantón

5. Percorridos da Asociación polo Camiño de Inverno



6. Inclusión da Asociación en: Federación Galega de Asociacións do C.S. (FEGAC), MESA de Asociacións do Camiño de Santiago e no Consello de Parroquias da Ribeira Sacra



MESA de Asociacións do C.S.



Consello de Parroquias da R.S.



Asociacións e Fundacións do C.S.



7. Representando a Asociación



30 Aniversario morte de Elías Valiña



Co Clube de Natación de Monforte
Concurso gastronómico da TVG:
Come Comarca, Monforte



Mostra itinerario gastronómico do
C.S. Santiago



Workshop: Camiño de Inverno
na Casa Rosende-Sober.



8. Acollida de peregrinos e encontros con Asociacións do Camiño de Santiago



Asoc. Camino de Invierno de Lalín

Equipo realizador documental Camino de Invierno

Asoc. Pulchra Leonina (León)



Co Presidente da Federación Española de Asociacións do C.S. no albergue parroquial de Bercianos del Real Camino (León)



Peregrinos de Alicante

Peregrino brasileiro



Peregrinos Colegio Escolapio de Madrid

9. Camiño Francés por León



Recibimiento polo Presidente Federación Española de Asociaciones del Camino de Santiago en el albergue de Mansilla de las Mulas (León)



10. Conferencias sobre o Camiño de Inverno



Asoc. AFACHANTADA

Asoc. Empresarios de Lalín e Asoc. Camiño de Inverno de Lalín

Aula virtual da UNED-Lugo para o Campus NO da UNED de España



Workshop da Fundación Juana de Vega (Sober)



Workshop Fundación Juana de Vega en Chantada

11. Medalla Castelao ás Asociacións do Camiño de Santiago



O Presidente da Xunta de Galicia
Mestre da
"Medalla Castelao"

En cumprimento do Decreto 92/2020, do 19 de xuño,
en atención aos méritos que nela concorren e logo da
deliberación do Consello da Xunta de Galicia,
concedeulle a "Medalla Castelao" no ano 2020 ás

**Asociacións de
Amigos do Camiño de Santiago**

Fofo tanto, expido o presente Título, referendado polo
Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza, Chanceler da Medalla.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2020

O Vicepresidente
e Conselleiro de Presidencia,
A.A.P.P. e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

O Presidente da
Xunta de Galicia

Alberto Rúa



12. Dama da Orde do Camiño de Santiago



Co Cabaleiro Eligio L. Hermida



Con Francisco Rodríguez e o canciller da Orde Alejandro Rubín.



Con Román Rodríguez, Conselleiro de Cultura Xunta de Galicia




Cabaleiros e Damas da Orde do C.S.

13. Próximo albergue público no antigo Palacio Episcopal de Diomondi



14. Visita ao Xeoparque da Costa Vasca polo GDR Ribeira Sacra-Caurel



15. O ex xugador da NBA, J.M. Calderón promove o Camiño de Inverno



16. Asociación e Camiño de Inverno na prensa

Ribeira Sacra

Un documental de 60 minutos divulgará el Camino de Inverno

► La producción fue dirigida por Jaime Pardo Valdés bajo el amparo del Plan Xacobeo 2021
► El trabajo audiovisual será presentado este domingo en la casa de la cultura de Monforte

El plazo para inscribirse en la Feira Medieval de Monforte ya está abierto

Los precios Un punto de información turística...
Los ganadores del concurso de fotografía El Ayuntamiento de Monforte...

Ribeira Sacra

El Camino de Inverno despide la década que lo puso en el mapa

► Aida Menéndez destacó las numerosas actividades que han ayudado a difundir la ruta entre los vecinos de la comarca y del resto de Galicia

El Concello de Monforte abre un espacio para aparcar en el Rulio Camba

Materia pendiente Todavía no hay sede para la ruta

Desde el 2013 Los representantes de la asociación...

La Voz de Galicia | Sábado, 16 de marzo del 2018 | TI

Multan a una asociación que pintó 21 señales para peregrinos en Monforte

El Ayuntamiento le impone una sanción económica de más de trescientos euros

El Ayuntamiento de Monforte abrió un expediente de reclamación de intereses por el Ayuntamiento de Monforte por pintado una serie de flechas en diversos puntos urbanos para señalar la ruta. El ayuntamiento reclama a esta asociación un total de 632,78 euros...

Desde el 2013 Los representantes de la asociación...

Vía Jacobitana Camino de Inverno

La Voz de Lemos

La Xunta dedicará 1,7 millones a señalizar el Camino de Invierno a señalizar el Camino de Invierno

Licitan las obras de acondicionamiento del itinerario de cara al Xacobeo 2021

FRANCISCO ALBO
MONTFORT, LA VOZ

La Xunta iniciou la licitación del proyecto de señalización y acondicionamiento del Camino de Invierno, que contará con un presupuesto de 1,7 millones de euros y se llevará a cabo en los municipios de Las Prebendas de Ourense, Lago y Pontevedra por los que discurre esta ruta histórica. La actuación se desarrollará a lo largo de cerca de 30 kilómetros del itinerario jacobeo y según indica un despacho del Gobierno gallego: «su objetivo consiste en «mejorar e facilitar a sinalización, ademais en acondicionar os tramos que se atopan en mal estado, mantendo a coherencia coas obras que se foron realizadas en diferentes tramos do camino en Galicia».



Un hito sinalizador do Camino de Invierno en os castiells de Somoz, en O Souto, municipio de Somoz.

Instalación de 151 hitos nuevos, arreglo y sustitución de más de 140 y retirada de otros veintidós

Según los directores de la Xunta, la señalización del Camino de Invierno contemplará la retirada y la instalación de cerca de treinta hitos nuevos y siete placas de camino a cuyo estado de deterioro no permite su recuperación. Asimismo, se repararán, se reinstalarán y se volverán a instalar más de 140 hitos que se encuentran en diversas condiciones que los anteriores.

La intervención también contempla la instalación de 151 hitos totalmente nuevos en lugares que no contaban con el tipo de señalización. Los trabajos se completan con la instalación de 130 conos de tránsito y traves de benzón. De esta forma, se garantiza un tránsito seguro que no se interrumpa la normalidad de la zona.

TERRAS DE LEMOS | 13

«Sentimonos acasados e perseguidos»

La redacción dispone de un plazo de diez días para presentar alegaciones contra el expediente de abertura por el Ayuntamiento de Somoz. El área ha sido habilitada para promover el Camino de Invierno en Somoz y en toda a Ribeira Sacra, y es permito que existan por parte do Concello de outras actuacións, dice Mendonça, que insiste en que si un asociación para la Ribeira Sacra que considera que en el caso urbano no hay suficiente señalización para orientar a los peregrinos que llegan por esta jacoba. «O Concello non se preocupa por ofrecer unha sinalización adecuada, non limpamos as ruas, non temos un mapa que estamos esperando desde hai anos», agrega.

Por otra parte, los representantes de la asociación se quejan de que las fechas amañadas que parecen «secan traxidas como se nos fosen plantadas» señalización y

Carreteras

Alejandro de la Haza y el equipo de la UTE de Invierno que firmó el contrato con el Ayuntamiento de Somoz.

Bloqueo

El caso de los autobuses que se pararon en Somoz por el bloqueo de la ruta de la Ribeira Sacra.

El 5 de julio, primera marcha por la ruta desde la declaración del estado de alarma

La asociación Caminos a Santiago para la Ribeira Sacra remitió el 5 de julio los recursos promocionales por el Camino de Invierno que organiza de forma periódica desde hace años y que quedaron interrumpidos por la epidemia de coronavirus. La presidenta del colectivo, Aida Mendonça, señaló que la última marcha se llevó a cabo pese a la declaración del estado de alarma, «el camino que el Ayuntamiento quiere fomentar y desarrollar no Caminos de Invierno y que se está volviendo camino a través de actividades, dice a través a actividades, dice a través a actividades».

TERRAS DE LEMOS

Más de mil estudiantes de 18 institutos y colegios se lanzan al Camino de Invierno

La alta participación hizo que fuese difícil conseguir autobuses para desplazar a todos los participantes en la marcha.

Francisco Albo, Montfort, La Voz.

La cuarta Anada Escolar por el Camino de Invierno estuvo muy participada por los alumnos de los institutos de Somoz, Ourense y Pontevedra, que se lanzaron a la marcha el día 5 de julio. El programa de actividades se desarrolló a lo largo de la mañana y estuvo previsto para los municipios de A Pobra do Brollón y Somoz, recorriendo una distancia de unos 20 kilómetros. En el camino se realizaron actividades de carácter educativo y cultural. El programa de actividades se desarrolló a lo largo de la mañana y estuvo previsto para los municipios de A Pobra do Brollón y Somoz, recorriendo una distancia de unos 20 kilómetros. En el camino se realizaron actividades de carácter educativo y cultural.

Más de mil estudiantes de 18 institutos y colegios se lanzan al Camino de Invierno

La alta participación hizo que fuese difícil conseguir autobuses para desplazar a todos los participantes en la marcha.

Francisco Albo, Montfort, La Voz.

La cuarta Anada Escolar por el Camino de Invierno estuvo muy participada por los alumnos de los institutos de Somoz, Ourense y Pontevedra, que se lanzaron a la marcha el día 5 de julio. El programa de actividades se desarrolló a lo largo de la mañana y estuvo previsto para los municipios de A Pobra do Brollón y Somoz, recorriendo una distancia de unos 20 kilómetros. En el camino se realizaron actividades de carácter educativo y cultural.

Más de mil estudiantes de 18 institutos y colegios se lanzan al Camino de Invierno

La alta participación hizo que fuese difícil conseguir autobuses para desplazar a todos los participantes en la marcha.

Francisco Albo, Montfort, La Voz.

La cuarta Anada Escolar por el Camino de Invierno estuvo muy participada por los alumnos de los institutos de Somoz, Ourense y Pontevedra, que se lanzaron a la marcha el día 5 de julio. El programa de actividades se desarrolló a lo largo de la mañana y estuvo previsto para los municipios de A Pobra do Brollón y Somoz, recorriendo una distancia de unos 20 kilómetros. En el camino se realizaron actividades de carácter educativo y cultural.

TERRAS DE LEMOS | 13

«Sentimonos acasados e perseguidos»

La redacción dispone de un plazo de diez días para presentar alegaciones contra el expediente de abertura por el Ayuntamiento de Somoz. El área ha sido habilitada para promover el Camino de Invierno en Somoz y en toda a Ribeira Sacra, y es permito que existan por parte do Concello de outras actuacións, dice Mendonça, que insiste en que si un asociación para la Ribeira Sacra que considera que en el caso urbano no hay suficiente señalización para orientar a los peregrinos que llegan por esta jacoba. «O Concello non se preocupa por ofrecer unha sinalización adecuada, non limpamos as ruas, non temos un mapa que estamos esperando desde hai anos», agrega.

TERRAS DE LEMOS

Más de mil estudiantes de 18 institutos y colegios se lanzan al Camino de Invierno

La alta participación hizo que fuese difícil conseguir autobuses para desplazar a todos los participantes en la marcha.

Francisco Albo, Montfort, La Voz.

La cuarta Anada Escolar por el Camino de Invierno estuvo muy participada por los alumnos de los institutos de Somoz, Ourense y Pontevedra, que se lanzaron a la marcha el día 5 de julio. El programa de actividades se desarrolló a lo largo de la mañana y estuvo previsto para los municipios de A Pobra do Brollón y Somoz, recorriendo una distancia de unos 20 kilómetros. En el camino se realizaron actividades de carácter educativo y cultural.

La Voz de Lemos

El Camino de Invierno aspira a las ayudas del Xacobeo 2021

La asociación que promueve la ruta presentará un proyecto a la Xunta

FRANCISCO ALBO
MONTFORT, LA VOZ

La asociación que promueve la ruta presentará un proyecto a la Xunta para solicitar ayudas del Xacobeo 2021. El proyecto consiste en mejorar la señalización y acondicionamiento del Camino de Invierno, que cuenta con un presupuesto de 1,7 millones de euros. La asociación ha solicitado un plazo de diez días para presentar alegaciones contra el expediente de abertura por el Ayuntamiento de Somoz.



Participación en una peregrinación jacoba en A Pobra do Brollón, en O Souto, municipio de Somoz.

El centro de peregrinos de Montfort sigue sin fecha de apertura

La asociación que promueve la ruta presentará un proyecto a la Xunta para solicitar ayudas del Xacobeo 2021. El proyecto consiste en mejorar la señalización y acondicionamiento del Camino de Invierno, que cuenta con un presupuesto de 1,7 millones de euros. La asociación ha solicitado un plazo de diez días para presentar alegaciones contra el expediente de abertura por el Ayuntamiento de Somoz.

Garadería

Una oportunidad de gran interés para las empresas locales de turismo rural

La Xunta de Galicia ha aprobado el expediente de declaración de zona de interés turístico rural en Somoz. Este proyecto tiene como objetivo mejorar la oferta de servicios turísticos en la zona y atraer a más visitantes. La asociación que promueve la ruta presentará un proyecto a la Xunta para solicitar ayudas del Xacobeo 2021.

Historia local

Una oportunidad de gran interés para las empresas locales de turismo rural

La asociación que promueve la ruta presentará un proyecto a la Xunta para solicitar ayudas del Xacobeo 2021. El proyecto consiste en mejorar la señalización y acondicionamiento del Camino de Invierno, que cuenta con un presupuesto de 1,7 millones de euros. La asociación ha solicitado un plazo de diez días para presentar alegaciones contra el expediente de abertura por el Ayuntamiento de Somoz.

